



ENTRAMBAS AGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 19 • Primavera-Brao 2003 • 1,5 €



**A II ENCUESTA
SOCIOLLINGÜÍSTICA D'ASTURIAS**

**A MASONEIRÍA ENTRE EL
NAVIA Y EL EO**

**EU ACÓRDOME DA ANTIGUA
(SAN TISO)**

COUSAS DEL DEMO



- 3 *El II Estudio Sociolingüístico d'Asturias.*
ENTRAMBAS AUGUAS
- 8 *A mosoneiría entre el Navia y el Eo.*
VÍCTOR GUERRA
- 13 *Eu acórdome da Antigua (San Tiso).*
AURORA GARCÍA RIVAS
- 18 *Andando pola Bovia.*
RAFAEL CASCUDO NOCEDA
- 22 *Cousas del demo.*
ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA
- 24 *El euro.*
BEGOÑA PÉREZ SEOANE
- 25 *Y nun deixarte nas súas maos...*
M^a JOSE FRAGA SUÁREZ
- 26 *Paradoxas.*
ÁGATA GARCÍA CASTRO
- 28 AXENDA
- 30 EL ARCO DA VEYA
- 32 *De Tapia.*
MANOLITA DA FONTE
- 33 EL HOUCHA



A Antigua (San Tiso)

Edita
Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Lingüística del Navia-Eo

Colaboran
Victor Guerra
Aurora García Rivas
Rafael Cascudo Noceda
Alberto Álvarez Peña
M^a José Fraga Suárez
Begoña Pérez Seoane
Ágata García Castro
Rafael López Cancio

Correo y colaboracióis
Academia de la Llingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tfno.: 98 521 1837
Fax: 98 522 6816
alla@asturnet.es

Diseño
Entrambasauguas & Ástur Paredes

Imprime
Gráfinsa • Uviéu
Tfno.: 985 271 598

Depósito Llegal
AS-2103/96

I.S.S.N.
1137-165 X

ENTRAMBAS AUGUAS nun se fai responsable das
opinións expresadas polos seus colaboradores

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15 € (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código Postal _____ Lugar _____

Teléfono _____ Fecha _____
firma

ENTRAMBAS AUGUAS

Pódesse mercar en Navia (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), Xarrio (Quiosco Hospital), A Caridá (Llibreiría Alfonso, Papelería Ana), Tapia (Llibreiría Manuel López, Llibreiría Arte, Tutti Frutti, A Casía), As Figueiras (Tandy), Castropol (Ardura, Tandy Beatriz), A Veiga (Casa Pérez, Llibreiría San Pedro), Taramundi (Casa Vicente), Bual (Llibreiría Pablo), Grandas (Estanco Elena Cancio), Samartín d'Ozcos (A Marquesita) y nas principais llibreirías d'Uviéu, Xixón, Avilés, Mieres y Liangréu.

EL II ESTUDIO SOCIOLLINGÜÍSTICO D'ASTURIAS



↓ Entrambasauguas

A empezos d'este ano 2003, el Academia de la Llingua Asturiana daba a conocer el avance de datos del II Estudio Sociollingüístico d'Asturias. Este proyecto realizóulo el equipo Euskobarómetro, entidá que dirixe el sociólogo asturiano Francisco Llera Ramo, catedrático na Universidá del País Vasco. Queríase evaluar con este estudio a evolución sociollingüística asturiana nos últimos dez anos despóis das primeiros encuestas qu'encargara el Principao al mesmo Llera alló nos anos 1990 y 1991. Nos conceyos de fala gallego-asturiana fêxose úa encuesta especial y imos repasar aquí os resultaos principales siguiendo el avance de datos feito por el propio Llera Ramo y Pablo San Martín.

Nun descubrimos miga novo se dicimos qu'as encuestas son úa vía fundamental pra conocer as sociedades: as súas actitudes, os sous gustos, as súas opinións. Nun é casualidá qu'os gobiernos teñan departamentos encargaos d'este tipo de cuestiões porque hai poucos xeitos miyores de saber el que pensa a xente. Dentro da sociollingüística, querse dicir, del estudio das relacións entre a llingua y a sociedad, as encuestas son úa ferramenta principal pra os investigadores por causa da súa propia naturaleza: nun se quedan namáis col qu'opinan amigos y vecíos senón que dan úa idea global del qu'opina muita máis xente, pudéndose cruzar as súas opinións con datos d'edá, estudios, sito de residencia, opción política y muitas outras variables.

En 1990 y 1991 el profesor Llera Ramo fixera un estudio aparecido por encargo del Gobierno asturia-

no, aunque os datos nun se publicaron hasta 1994 nel sou llibro *Los asturianos y la lengua asturiana. Estudio sociolingüístico para Asturias, 1991*. A parte referida monográficamente á nosa fala, feita en 1990 a 100 entrevistaos, nun se chegóu a publicar.

Doce anos despóis, Llera Ramo volve alló por encargo del Principao d'Asturias con outro trabayo unde s'estudia a situación sociollingüística d'Asturias y a zona de fala gallego-asturiana en particular. Al ver a perda d'interés da Conseyería de Cultura pol proyecto, a sección de Sociollingüística del Academia de la Llingua decidíu asumillo y financiarlo. El trabayo de campo xa ta feito y máis alante hase publicar el estudio en detalle de todos os resultaos das encuestas, pero, entremetres, xa conocemos un avance cos datos principales.


Gracias a esto, dispoñemos pral gallego-asturiano d'us datos ben importantes que poden axudar a

conocer miyor qué pensa a xente pra que, a partir d'ei, as autoridades competentes na materia podan tomar as medidas políticas máis acertadas.

Pr'amañar el estudio na zona Navia-Eo fíxose un cuestionario especial pra perguntaryes todo tipo de cuestiós relacionadas cua súa fala y as súas actitudes y demandas llingüísticas. Entre os meses de mayo y xuno de 2002 fixéronse un total de 300 entrevistas individuais nas súas casas a personas de 16 y máis anos. A fiabilidad dos resultaos é grande, con un marxe d'error estimao de $\pm 5'6$ pra un nivel de fianza del 95%. Como é avezao, a selección dos individuos fíxose aleatoriamente por cotas d'edá y sexo.

A identidá nel Navia-Eo


Brindábanse a os encuestaos varias posibilidades sobre a súa identidá pra saber con cuál se sintían máis a gusto. Un 74% atesaron que se sintían “asturianos hasta a miolla” y un 15% dos entrevistaos identificábanse tamén como asturianos anque tamén como un pouco gallegos. Nel outro extremo ta el 9% que se reconoz como “de fronteira” y se sinte tan gallego como asturiano.



Esta identificación mayoritaria con Asturias vese ainda máis al perguntar qué yes parecería revisar as fronteiras da súa zona: nove de cada dez (88%) que ren qu'el Navia-Eo siga sendo parte d' Asturias.

A identidá llingüística nel Navia-Eo


Pra dous de cada tres (66%) habitantes del Navia-Eo a fala da zona é úa mezcra de gallego y asturiano, mentres que pral 16% é úa variante del asturiano y al 8% parezye qu' é úa variante del gallego.




Un asunto mui interesante é el nome que se quer miyor pra chamarye al que falan nel Navia-Eo. Nesto os pareceres tán abondo repartidos: ún de cada tres (33%) quer miyor chamarye “a fala” y ún de cada cuatro (24%) escoye a denominación nova de “gallego-asturiano” —sin duda por causa del sou uso cada vez mayor en ámbitos oficiales y educativos—. Cuase os mesmos (22%) queren miyor a etiqueta de “bable” ou “asturiano”, mentres qu'os qu'escoyeron el nome de “gallego” foi el 2% dos encuestaos.

El caso é que, chámenye como ye chamen, respecto al estatus llingüístico da fala da zona, sete de cada dez (72%) dos habitantes del Navia-Eo pensan qu'a súa fala é úa llingua como cualquier outra das que tán reconocidas en España como oficiales, opinión qu'avanzóu lamar nestos últimos dez anos —cuase veinte puntos dende el anterior encuesta—, y namáis dous de cada dez (22%) ye negan esa consideración.

Hai máis confusión sobre cuál é a llingua propia d' Asturias, quizabes pol mesmo problema terminoló-





xico de qué cousa entenden os encuestaos por “asturiano”: pral metá (46%) el asturiano é el única llingua propia d’Asturias, mentres que pra un tercio (34%) el gallego-asturiano, ben al pé del asturiano ou ben al pé d’asturiano y castellan, son as llinguas propias d’Asturias. Nel outra punta, namáis dous de cada dez



Sete de cada dez habitantes del Navia-Eo son falantes de gallego-asturiano


(19%) cren qu’el castellano sía a llingua propia d’Asturias.

É importante destacar qu’este estudio deixa claro qu’a mayoría da xente del Navia-Eo, máis d’oito de cada dez (82%), refuga a idea de que falar en gallego-asturiano sía falar mal y falar en castellano sía falar ben. Einda mantéin este prexucio alreod del 15% dos encuestaos.

Un avance ben grande —máis de corenta puntos— tamén lo houbo nel porcentaxe d’habitantes del Navia-Eo (80%) que pensan que s’espresan ben en castellano. A esplicación ten que tar nel relevo xeneracional y na miyor diferenciación entre os dous rexistros lingüísticos. De todos os xeitos, einda a dous de cada dez (19%) parezyes que nun falan abondo ben en castellano, anque agora xa cuase nun s’avergoncen d’eso.

Alfabetización y habilidá lingüística


El primeiro que se pode sacar en conclusión dos datos da encuesta é qu’hai muitos falantes, pero pouco alfabetizaos. Sete de cada dez (72%) son falantes de gallego-asturiano, anque namáis ún de cada cinco (24%) dicen saber llello y ún de cada seis (16%) escribillo. Se temos en conta qu’el nivel de comprensión pasiva é del 22%, al sumallo al porcentaxe de falantes resulta qu’un 94% da población del Navia-Eo fala ou podería falar gallego-asturiano.



Os autores del estudio destacan qu’a habilidá lingüística dos habitantes del Navia-Eo na súa llingua é mayor qu’a del resto d’asturianos na d’ellos, pero qu’en entrambos os casos os niveles de conocimiento brindan úa base firme prá normalización lingüística.

Avezos lingüísticos

Ún de cada cuatro (24%) entrevistaos diz que s’atopa máis a gusto espresándose en gallego-asturiano qu’en castellano y ún de cada tres (34%) diz



que fala igual de ben nas dúas. Namáis el 7% diz que s'espresa miyor en castellano. De todos os xeitos, el gallego-asturiano quere miyor pras situacións máis personales ou familiares, mentres qu'el castellano úsase pra situacións máis formales. Esto deixa clara a falta de normalización social da llingua vernácula del Navia-Eo, igual que pasa nel resto d'Asturias.

Como dato esmolecedor hai que destacar el retroceso xeneracional da nosa fala, anque siga sendo a maioritaria como llingua materna. Dous de cada tres habitantes (67%) del Navia-Eo tein como primeira llingua de nenos el gallego-asturiano, ben solo (50%) ou ben col castellano tamén (17%). Namáis ún de cada tres (32%) ten el castellano como llingua materna. Hai que reparar en que, hai máis d'úa década, na encuesta anterior, eran tres de cada cuatro (75%) os que tían namáis a nosa fala como llingua primeira. El retroceso entre xeneracións é claro: anque cuase seis de cada dez personas falen cos padres en gallego-asturiano, namáis tres de cada dez —quere decir, el metá— lo falan tamén cos fiyos.

Nun é casualidá, entoncias, qu'os encuestaos nun teñan mui claro el futuro da fala, anque a mayoría siga confiada na súa supervivencia.


Actitudes y demandas llingüísticas


Podíamos resumir este apartao col título que ye dan os autores del avance de datos: un horizonte bilingüe pral Navia-Eo. Y é que oito de cada dez (76%) dos habitantes da zona queren un futuro bilingüe prá súa terra unde se fale tanto ou máis gallego-

asturiano como castellano. Tamén coincide nese deseo el resto d'Asturias, unde dous de cada tres (65%) queren un futuro unde se fale tanto ou más asturiano como castellano.

Vese ese horizonte bilingüe en que tres de cada cuatro encuestaos nel Navia-Eo tán dispostos a qu'os sous fiyos aprendan gallego-asturiano.

En conto a os medios de comunicación, a seis de cada dez encuestaos púntayes pouca a presencia tanto del gallego-asturiano como del asturiano nos medios escritos y na radio y televisión y ven necesaria a existencia de prensa nesas llinguas y d'espacios tamén na prensa que se fai en castellano. Tres de cada cuatro habitantes del Navia-Eo queren qu'a futura radio y televisión asturianas emitan a súa pro-





gramación nas llinguas vernáculas d'Asturias, mentres que namáis ún de cada seis queren úa radiotelevisión pública asturiana en castellano dafeito. De cualquier xeito, pra máis de nove de cada dez entevistaos, gallego-asturiano y asturiano tein que ter úa presencia variable nestos medios. Esta presencia vai dende úa mayoría que pensa que ten que ser importante hasta os que —tres de cada dez encuestaos— yes parece que ten que ser menor del 10% da programación.

A política llingüística

Dous de cada tres (65%) dos habitantes del Navia-Eo cren qu'as institucións tían qu'implicarse activamente na protección das llinguas vernáculas poñendo todos os medios posibles. Sicasí, a valoración que recibe nesta materia el actuación das institucións asturianas, y máis concretamente el Gobierno del Principao, é d'un suspenso ben claro: el 60% —medróu máis de veinte puntos dende 1990— pensa que nun fai miga ou cuase miga por conservar y promocionar el gallego-asturiano. Ademáis, ún de cada cuatro pensa que, aunque algo fai, podía fer máis. Nun chega al 7% os qu'aproban el llabor del Gobierno en materia llingüística.

Un exemplo d'intervención institucional é el dos lletreiros de carretera: dous de cada tres tán a favor da forma del gallego-asturiano, ben sola (45%), ben acompañada da forma castellanizada (20%).

Al metá (49%) dos habitantes del Navia-Eo gustaríayes qu'el resto d'asturianos pudieran aprender

gallego-asturiano se quixeran, mentres qu'ún de cada cuatro ta a favor de políticas máis activas pra llograr qu'el resto d'asturianos lo entenda (16%) ou lo fale (10%).

Hai muito consenso —úa media d'oito de cada dez encuestaos— sobre a presencia del gallego-asturiano y del asturiano nas escolas, aunque a mayoría queren miyor que sían optativas. Nun hai tanto consenso ante a posibilidá d'estudiar gallego como asignatura optativa (42%), cousa que refuga un 49% dos entevistaos.

Igual qu'hai dez anos, nel Navia-Eo a demanda de cooficialidá é máis pequena que nel resto d'Asturias. Esto pode ser por causa da mayor confusión que trai a existencia de dúas posibles llinguas oficiales na zona al pé del castellano: el gallego-asturiano y el asturiano. Os qu'apoyan y os que refugan a oficialidá del gallego-asturiano tán mui repartidos: un 30% cada ún. Nel medio, a ún de cada tres nun ye dá muito máis a cuestión. Un pouco superiores son os porcentaxes d'apoyo á oficialidá del asturiano (34%), pero entre os que la apoyan, seis de cada dez (62%) tamén queren que con él el gallego-asturiano sía oficial na zona. Ademáis, á mayoría nun ye parez qu'a oficialidá yes traiga muitos problemas pra súa vida de cadaldía.

En resumidas contas, botando úa oyuada xeneral a os datos del estudio, sácase en conclusión qu'os ciudadanos del Navia-Eo —como pasa nel resto d'Asturias— queren a súa llingua y piden ás institucións que la defendan y la promocionen na sociedade. As autoridades tein, entoncias, el última palabra pra fer realidá esas aspiracións qu'amostran as encuestas.

A MASONERÍA

entre el Navia y el Eo



↓ Víctor Guerra

Nos anos corenta del siglo pasao ser masón en España era el pior dos pecaos posibles y el réxime oficial hasta yes botaba a culpa de crucificar a Cristo. Ese aire sacreto y conspirativo col que sempre pintaron as sociedades masónicas quedou ben caltrido na nosa mentalidá colectiva. Però, como ben nos diz el autor d'este artículo, nun hai nada como os datos históricos pra botar lluz sobre as solombras y as invencióis. Víctor Guerra, nembro del Instituto de Estudios Históricos de la Masonería Española (CEHME), é especialista nestas cuestióis en Asturias y sobre ellas ten escrito abondos llibros y artículos. Esta é a primeira parte del sou achegamento a un tema ben desconocido na nosa zona y tamén ben interesante.

El liberalismo que recorréu terras y venas de muitos homes del occidente asturiano, botóu a semente pra que s'asentara nellas el ideario masónico que xa encontrara sito en búa parte d'Inglaterra y Europa. En Asturias, na primeira metá del s. XIX, temos dalgúas figuras que tán claramente vinculadas cua masonería. Entre ellas podemos destacar al xeneral Rafael del Riego —que según nota del Gran Consejo Federal Simbólico del Supremo Consejo del Grao 33, foi Gran Maestre entre 1821 y 1822—, a Agustín Argüelles —que tamén parez como tal en 1823— y, como alto dignatario masónico, al somedano Flórez Estrada.

Ta ben empezar nese punto —unde sabemos qu'a invención y a charlatanería quedan na porta— pra poder ver con clarencia algo que sempre tuvo na solombra però que mui poucas veces foi un sacreto como tal, a lo menos pr'aquellos qu'eran buscadores fieles de valores como «a tolerancia, a libertá y a fraternidá», valores qu'a masonería ten como base de trabayo. Però primero tíamos qu'esplicar ¿qué é, al cabo, el trabayo masónico? Esto é el que nos esplica el Gran Oriente Español nun dos sous folletos:

«A Francmasonería é úa fraternidá que xunta a os sous nembros con un vínculo d'harmonía, verdá y amor fraternal. Però, ademáis de ser úa fraternidá, a francmasonería coye el llabor d'enseñar y inculcar

brepensador Iluarqués César Álvarez Cascos, que coye condo empeza como activo francmasón el alcuño simbólico de "Fulton" y que manda como *Venerable* —querse dicir, como presidente da loxa— el treito d'esta segunda singladura que vai dende 1888 hasta 1891. El resto del taller compóinlo sete nembros máis unde destacan el industrial Enrique Arias Viña, el propietario Juan Fernández Longa, ou os ermaos González Álvarez.

En L.luarca volve "llevar as columnas" outro taller, concretamente en agosto de 1891. Por título, tres de ben sesiós preparatorias prá fundación, presentáronye al *Gran Oriente Español* el del gran patrio xixonés vinculaos col occidente asturiano, "Jovellanos", y puxéronye el nº 128. As dignidades que rixen ese taller son Camilo Navarrete Melín, grao 30º da masonería y militar retirao, qu'exerce como *Venerable*, y al que vai substituir F. Navarro de la Linde, tamén militar; Ramón Asenjo, grao 18º y propietario, qu'exerce como 1º y 2º *Vixilante*, que son os oficiais encargaos dentro del taller masón dos *Aprendices* y *Compañeiros* masóis.

Us anos antias —y polo tanto marcando a llinia qu'había que seguir— temos que na mesma veira del Río Navia, en xeneiro de 1879, y acoyidos al *Gran Oriente Nacional de España*, levanta columnas a

loxa *Antorcha Civilizadora*, que la compóin nun primeiro momento deciseite nembros mui variaos tanto na orixe como na súa actividá profesional. Seis eran del Espín, cuatro da villa de Navia, dous d'Anlleo, dous de L.luarca y os outros era d'Ortigueira, A Caridá, Bual, Samiguel d'Eiros y Pontevedra.

Úa das cuestiós que chama el atención d'este cuadro de masóis é que, condo coyen el alcuño simbólico, os máis d'ellos fain mención a militares ou grandes personaxes, mentres que noutras loxas vén habendo máis diversidá nos nomes que se coyen condo s'empeza na masonería.

Podemos falar máis a fondo de dúas das personas que pertenceron a este taller: José Alonso Narcíandez y Rafael Fernández Calzada.

José Alonso Narcíandez ve a *Iluz masónica* na súa iniciación como francmasón⁴ el 23 de mayo de 1877 en Uviéu, dentro da loxa *Luz Ovetense*. Nel sou taller propón pra iniciar al qu'había ser el sou xefe de Telegrafía en L.luarca, el profano y máis tarde xa francmasón Carlos Márquez. Máis alantre entrambos pasan a formar parte da loxa *Antorcha Civilizadora*. El taller amáñanlo varios nembros, entre os que ta José Alonso acupando el cargo de 1º *Vixilante*, qu'exerce dous anos (1880-82), constituíndose nel asistente lleal del infatigable *Venerable Maestro*

NEMBROS DA LOXA "ANTORCHA CIVILIZADORA" DE NAVIA (1879-1888)

NOME Y APELLIDOS	ALCUÑO SIMBÓLICO	CARGO NA LOXA	PROFESIÓN
Demetrio Abello	<i>Pardiñas</i>	Experto	Maquinista
José Alonso Narcíandez	<i>Saladino</i>	1º <i>Vixilante</i>	Telegrafista
Francisco Bárzana	<i>Castaños</i>		Escribinte
Francisco Casariego	<i>Garibaldi</i>		Carpinteiro
Manuel Cortés	<i>Espartero</i>	Sacretario	Cuntable
Domingo F. Santa Eulalia	<i>Platón</i>	Bibliotecario	Propietario
Manuel Fernández	<i>Churruca</i>		Carpinteiro
Rafael Fernández Calzada	<i>Viriato</i>	Venerable	Notario
Manuel Fernández Pérez	<i>Pompeyo</i>	M. Ceremonias	Perito Agrimensor
Pedro Fernández Pumariega	<i>Palafox</i>	1º <i>Díacono</i>	Axudante Inxenheiro
Eugenio G. Manso	<i>Franklin</i>	2º <i>Vixilante</i> (1882)	Médico
Casto Lavandera	<i>Colón</i>	Orador	Axudante Maquinista
Bernabé Leirana	<i>Pavía</i>		Aspirante a Notario
Carlos Marqués	<i>Pelayo</i>		Xefe d'estación de telégrafos
Fernando Méndez	<i>Lara</i>		Carpinteiro de ribeira
Fructuoso Méndez	<i>Victor Hugo</i>	Guarda Templo	Carpinteiro de ribeira
José Méndez	<i>Covadonga</i>	2º <i>Díacono</i>	Propietario
Agustín Pérez Villamil	<i>Cervantes</i>		Propietario
Santiago S. Del Campo	<i>Velarde</i>		Cerruyeiro
Alonso Seves	<i>Pizarro</i>	2º <i>Vixilante</i>	Propietario



César Álvarez Cascos fundador d'úa das primeiras loxas en Lluarca

Fernández Calzada. El taller sufríu dalgúas crisis hasta que lo desamañóu, como imos ver, un tal Juan Manrique.

Pode qu'el personaxe máis importante pola súa proyección e empeño é el naviego Rafael Fernández Calzada. Despóis de non poucos traballos tres de pasar pola loxa *Luz Ovetense* en 1877, é quen a amañar este outro taller na súa terra d'orixe. Na loxa d'Uviéu convivíu con Ramón Álvarez Buylla, os ermaos Pumares y con Fermín Canella que, na morte del sou amigo el 14 de febreiro de 1910, ye dedicóu úa introducción ben llarga nel libro de semblanzas qu'a súa familia fora compoñendo a base de recoyer aquí y alló noticias y recordos das andanzas d'este naviego notable.

Rafael Fernández Calzada veu al mundo en 1821 nel lugar de Talarén (Navia). Despóis d'estudiar Lleis na Universidá d'Uviéu, incorpórase al mundo notarial como titular en 1848. Rafael —igual qu'outros moitos ermaos masóis asturianos y peninsulares— militóu activamente nel Partido Republicano Federal que lideraba outro conocido masón, Pi y Margall. Os seguidores del republicanismo tiveron en Xixón un periódico, *El Porvenir de Gijón*, que yes valía d'organo d'espresión y unde encontramos masóis ben activos como Tapia Segade, Moreno Barcia ou Pérez Costales, del outro llao del Eo.

El ermao *Viriato* —qu'ese era el sou alcuño simbólico— ha ter que trabayar duro pra poñer en mar-

cha el sou proyecto masónico, recuperando ermaos d'outros proyectos y d'outras loxas, y iniciando máis profanos, però, como nos diz a profesora Victoria Hidalgo nel sou llibro *La masonería en Asturias en el siglo XIX*, «la llegada a Navia en 1882 de un elemento perturbador, Juan Manrique, trastocó su buena marcha». ¿Quién era este personaxe escuro que fai peligrar el proyecto masónico? Nun lo sabemos, però debéu esmoler de verdá a Fernández Calzada que, núa carta al Gran Maestre Morayta, ye recordaba feitos d'este tal Manrique.

Tamén vai xugar en contra del proyecto naviego el que daquela se tuviera debatendo a pertenencia a ún ou outro Oriente ou Obediencia, y eso tría á loxa dalgúas disensións que fixeron qu'ésta entrara en “sonos”, qu'ese dicir, na suspensión temporal dos traballos. Tamén a lluita del notario naviego contra a “clericalla”, os qu'os masóis chamaban “da capa negra”, ye costara ben disgustos y el pago de 4.000 pts. d'entonces.


El demáis, como representante da súa loxa ha acudir al Asamblea da Obediencia de 1888 en Madrid quen fora el primeiro Venerable Maestro Pedro Fernández de la Pumariega, qu'acaba por meterse nos traballos masónicos madrileños, unde lo encontramos entre os anos 1892-1896, dentro da loxa *Fraternidad Ibérica*. Nesta tamén trabayaba Eduardo Guilmain Abarca⁵, que fora nembro da loxa *Los Amigos de la Naturaleza y la Humanidad* de Xixón.



Reunión de masóis en Madrid, nel ano 1892. Na masonería d'esa ciudá tamén participaron dalgús personaxes da loxa de Navia

Na loxa madrileña sentábanse nos bancos, según os sous graos y calidades, xente como el músico Tomás Bretón ou el Venerable Maestro Eduardo Caballero de Puga.

A partir de 1892 nun volve haber novas da loxa naviega. En xunio d'este ano a loxa *Jovellanos* de Lluarca, qu'einda ta en activo, pídeye á súa Obediencia —neste caso al Gran Oriente Español— úa carta patente pra outra formación nova qu'iba llevar as súas columnas en Navia, tres dos esforzos




Bandeira d'úa loxa

de Rafael Calzada por manter os ánimos enteros y al orde. Como nun foi quen, ha llevar col sou amigo José Alonso Narciández, simbólico *Saladino*, un taller novo que coye el nome d'outro lliberal asturiano ben conocido y nembro da primeira maseiría asturiana: *Rafael del Riego*.

Este é, polo tanto, el panorama dos talleres que se dan entre el Eo y el Navia, pero anque poda pintar qu'ê úa presencia pequena, queda muito trabayo por fer y muito que pescudar. Fai falta buscar a presen-

cia de todos estos *Fijos da Viuda* dentro del sou ámbito social y cultural, y valorar a súa proyección política y institucional, que tuvo que ser importante namáis botando úa oyuada al mapa xeopolítico da zona.

A dimensión que tuvo a maseiría na zona coye máis importancia se reparamos na presencia de dalgús francmasones que, anque eran nacidos nestas terras, nun trabayaron por diversas razóns a súa *pedra bruta* nas loxas da zona, senón que lo fixeron nou-tros sitios como Xixón ou Uviéu. Mesmo fora d'Asturias temos trabayando a varios masóis como é el caso del veigueño Augusto Barcia Trelles, Gran Maestre de Gran Oriente Español y Soberano Comendador del Supremo Consejo del Grao 33º, que tuvo úa importancia capital dentro da maseiría española y d'ultramar⁸. Pero nun foi namáis Barcia, senón muitos masóis máis que foron compoñendo a base d'outras loxas como Jerónimo Alvarez Freije, Roque Gayol ou José Iglesias Fernández, de Castropol; Francisco F. Casariego, Luis Méndez Calzada, Demetrio Avello, Manuel Rodriguez, entre outros de Navia; y da zona de Ribadeo, como Francisco Díaz Díaz ou Francisco Caramés Riopedre, nacido en Castropol, crioa na villa luguesa y vincula-o por vía matrimonial con Tapia.

Por outro llao, outra aportación fundamental que fai coyer al occidente asturiano entidá masóni-ca é a presencia de nacidos d'estas terras nas loxas d'ultramar. Os "americanos" fóronse integrando por úas ou outras razóns na vida masónica de Cuba, Puerto Rico, Venezuela, Arxentina, etc., y con mui distinta proyección social, profesional y mesma-mente política. 

NOTAS:

¹ El templo ou taller masónico é el sito unde trabayan os masóis, espacio singular que pon úa fronteira de separación col mundo profano. Dentro d'él faise a "actividá masónica" espresada cuas que chaman *tenidas*. Cada Rito incorpora al Templo, según a súa particularidá simbólica, diferentes elementos —ou os mesmos pero repartidos d'outro xeito—, aspecto que vai afectar a os contidos según se trabaye nos graos d'Aprendiz (1º), Compañeiro (2º) ou Maestro (3º).

² El Rito Escocés Antiguo y Aceptao é ún dos muitos que se practican dentro da maseiría, anque é el máis practica-o nel mundo. Ta composto por 33 graos.

³ Úa das distintas Obediencias que se deron en España y na que s'acoyeron dellas loxas.

⁴ Cualquer profano aceptao pra formar parte d'úa loxa ten que pasar polas que chaman probas da iniciación, y é desa con-do coye el alcuño simbólico, que pode fer referencia a cualquier elemento, personaxe ou cualidá.

⁵ Guilmain era parente del famoso Conde d'Aranda (de tempos de Carlos III), qu'hasta hai pouco considerábanlo masón.

⁶ A os nembros da maseiría chámanyes os *Fijos da Luz*, ou *Fijos da Viuda* y tamén os *Ermaos tres puntos* ou hiramistas.

⁷ A pedra na maseiría representa todas as obras morales y todos os materiales da sabiduría usaos nel trabayo masónico. El trabayo de labrar a pedra —simbolizando os gremios veyos de canteiría— é un trabayo simbólico d'ir trabayando a nosa propia personalidad, axustándola a os criterios d'equidá, igualdá y fraternidá.

⁸ Sobre Barcia xa adelantamos un trabayo nel nº 38 (outubre de 2002) da revista *La Vega* de Veiga.

NEMBROS DEL TRIÁNGULO RAFAEL DEL RIEGO NAVIA (1892)

NOME Y APELLIDOS	ALCUÑO SIMBÓLICO	PROFESIÓN
José Alonso Narciández	<i>Saladino</i>	Telegrafista
Emiliano Cepeda	<i>Navia</i>	Abogao
Manuel Fernández	<i>Churruca</i>	Propietario
Rafael Fernández Calzada	<i>Viriato</i>	Abogao
José Menéndez		Propietario

EU ACÓRDOME DA ANTIGUA (SANTISO D'ABRES)



↓ Aurora García Rivas

Aurora García Rivas nacéu na Antigua, en San Tiso, nel extremo d'Asturias. Hoi vive en Xixón, pero nun esqueice a terra unde nacéu nin a súa fala. Sempre ye gustou escribir y agora ten máis vagar pra dedicarse á lliteratura, tanto á narrativa como á poesía. Chega ás páxinas d'ENTRAMBAS AUGUAS con un recordo dos tempos de nena y dos labores que tían que ver col pan, un elemento fundamental daquela nel xeito de vida llabradora. Y failo, cómo non, na fala d'allí.

Á memoria do meu pai

Eu nacín no concello máis occidental d'Asturias: San Tiso d'Abres. Antes amolábame ben qu'a xente o confundira con Abres, da Veiga. Agora, como son máis vella e teño algo máis de pacencia, esplícolles que nun é así: Abres é Abres, e San Tiso d'Abres nun ten nada que ver.

Pra chegar dende Uviéu, por poñer a capital do Principado, hai que chegar á Veiga, salir á provincia de Lugo pola ponte de Porto, pasar Abres, Vilarbetote e, namáis pasar Riotrabada, atópase ún outra vez con Asturias. Parece cousa de tolos, pro é así. Entoncec adéntrase ún xa en San Tiso. Se se quer seguir pola carretera, ó salir de San Tiso vólvese entrar outra vez na provincia de Lugo.

É un lío. A xente ás veces poi cara de fata porque estos entrares e salires d'un lado pra outro nun os entenden, e nun m'estraña. Eu, cando teño algo d'humor y un lápiz e papel, fágolles un dibuxo, un mapa, que ta mal qu'o diga, pro dibuxo bastante ben. Hasta lles pinto o río. É o Eo, dígolles. É unha risa cando empezo a explicarlles qu'este río, qu'é galego de nacemento, cando entra en San Tiso é asturiano, e despóis, cando xa pasa a ponte colgante d'antes de Riotrabada, a ribeira da esquerda é galega y a ribeira da dreita é asturiana, hasta que chega ó mar, facendo A Ría do Eo e deixando ó lado de Galicia Ribadeo y ó lado d'Asturias A Veiga, Castropol y As Figueiras.

Xa se sabe que todos os sitios fronteirizos teñen cousas raras y este nun é úa escepción. Cando che-



Xugo da Casa do Torneiro

go a esta parte do asunto a xente xa nun ten cara de fata porque ta pensando qu'a fata son eu. Pro é así. Caprichos das administracións, da Historia, do que sea. A cousa é que San Tiso é como un corno (con perdón) que ta do outro lado.

Guapo é ben guapo, non mui costoso, con unha veiga ben xeitosa, cos seus montes non mui altos, co seu río, qu'en algún tempo era un paraíso e aínda ten bos salmóis. É solelleiro, abrigado, e dase todo. Ta ben comunicado e ten de todo: ayuntamiento, escolas, médicos, farmacia, igrexa, veterinario, tendas, hostel, gasolinerías, unha piscifactoría, piscina pró brao, campin... Hasta ten un pazo pra que nun lle falte de nada (a pena é que ta tan apedrado que logo cai). D'esto nun vou falar: é ben fácil buscalo en Internet, qu'hai páxinas ben guapas e ben feitas, hasta con retratos antigos.

A Antigua

Eu quero falar da Antigua, porque aí nacín eu hai xa máis de medio século (dito así parece qu'unha é máis vella do qu'ê). Pois A Antigua é unha das aldeas de San Tiso, pra min, a máis guapa. Y eso qu'inda m'acordo dos caenllos, das caenllas, dos carreiros e dos regos, e tamén da primeira escola á que fun, con doña Elisa, que m'acordo que lle gustaba muito calcetar e rezar o rosario polas flores de mayo. Arrodillábamonos prá letanía e facíamoslle mil falcatrúas porque en vez de dicir «kiryeleison» dicíamos «un automóvil», e nun había maneira de saber cál dos nenos empezaba a chanza. Tamén lle cantábamos —cando a tiñamos lonxe, claro—,

*Señora mestra,
cheira qu'apesta,
bóteme fora
que cago na escola,
bóteme axina
que cago na esquina.*

Gamberros e mal ensinados hóboos sempre.

Dábanos no recreo leite de barril, en polvo, e pra merendar unha especie de queixo marelo. A min o leite gustábame, pro o queixo dáballo ó gato, qu'ó probe comía pedras se as puidera roer. Esto, polo visto, mandábano os americanos; aquilo del Plan Marshall, qu'a min paréceme que tampouco sacóu a naide de moitos apuros.

Agora ir á Antigua é unha risa. Hai carretera hasta todas as portas, polo medio da Grandela, e polo

Bosque adiante atravesa As Chousas e sigue camín de Solmayor. Cando eu era pequena nun había namáis que carreiros, caenllos e caenllas e algún camín de carro regular; aínda A Caenlla do Inferno, que se chamaba así porque taba todo o ano chea de lamas, que nin os burros a pasaban cando viñan do muín de Piñeiro ou do Randeo, no inverno, porque nosoutros, no brao, íbamos ó de Piagonegro, ó outro lado do río, no concello de Trabada —xa en Galicia—, que nos quedaba mui a mao: pasábamos o río por un sitio pouco fondo e chegábamos nun suspiro.

Aquelo era todo de labranza, vivíase d'ela, e algo de ganado. Labrar labrábbase trigo, algo de centeo, avea, maíz, patacas, nabos, algo de remolacha e, no horto, berzas pró caldo e pros cochos, repolos, algún tomate, algún pimento e pouco máis. O traballo era ben duro, e todo chegaba a pouco porque, polo xeneral, ricos nun había máis ca unhos poucos e, inda así, nun se libraban do arado y o foucín. Eso si, traballábase todo o ano de Dios, cando labrando, cando sachando, cando arrendando, segando, arando, gradando, cuitando, e ademáis había que traer o mulido do monte pra estrar as cortes das vacas e do demáis ganado, levar a leña pró lume e pra cocer o pan, augua prá casa, e tantos labores grandes como pequenos. Ademáis había que cavar o monte pra labrar algo de trigo qu'axudara ó que se collía da



Rodo, roda, fouciños, gadaño, gallada, aixado da Casa dos Marinos



ASTUR PAREDES

Cabozos da Antigua

terra, que nunca chegaba d'un ano pra outro. Isto se as terras eran propias, porque tamén se levaban arrendadas y había que pagar en trigo, en *ferrados* ou en *tegos*, según a cantidá, que —falando sempre en trigo— un ferrado era igual a dous tegos y un tego igual a seis kilos e cuarto.

Falar de todas as cousas d'entonces é algo de máis. Eu quero centrarme hoi nunha cousa sola: o pan.

O pan


O pan é o pan. O de comer. Pro tamén, por extensión, chámasele pan ó trigo: «Hai que labrar o pan», «Vou segar o pan», «Aquela leira dá mui bon pan». Os labores do pan duraban dende outubro a xulio ou agosto. O primeiro era arar a terra que tuvera antes co maíz. Arábase co arado de ferro ou de vertedeira, tirado por dúas vacas xuncidas. Ás veces, de paso, aproveitábase pra enterrar nos regos estrume verde —toxos e folgueiras o que máis— pra que fora cocendo e valera pr'abono. Pro case sempre o abono era cuito das cortes das vacas, ou do burro, e dos cortellos dos cochos, dos conexos —se os había— y incluso dos corrales d'orredor das casas. O das pitas, normalmente, gardábase pros hortos. Despois gradábase con unha grade de dentes de ferro, ou de dentes de madeira, según como fora de lixeira ou pesada a terra. Logo deixábase descansar algo e, mentras, desfaciáanse os balocos e mondábanse os torróis, coa axuda do gadaño y, ás

vezes, inda co aixado, ou co rodo; eso dependía da dureza da terra.

Despois, hacia decembre, con bon frío ás veces, empezábase a labrar. Primeiro estendíase o cuito ben estendido, ben igual e ben repartido, que nun é tan fácil como parece. Por encima do cuito somentábase o grao, a voleo, outro arte no qu'había que ter maña y esperiencia, pra nun amontoalo todo ou deixar sitios sin semente. Este trigo viña preparado das casas, contra as plagas. Díciase «lavar o trigo», qu'era eso, lavallo con unha mezcra d'augua y pedra lipez (sulfato de cobre).

Despois viña o traballo da terra: primeiro abríase unha *canle* ou *rego* co arado de pao d'orelleiras, preparado tamén con palla nas oreilleiras pra que levantara a terra ben, tirado polas vacas ou por bois, o qu'os tiña. Esta canle nun era máis qu'unha guía prá canle definitiva, que se facía polo mesmo sitio, máis fonda e mellor feita. A unhos 40 cm. repetíase a operación hasta que s'acababa a leira. Así quedaba un *suco* entre dúas canles. Despois había que trollalos.

Trollar era mui pesado e facíase co *trollo* —qu'era unha especie de madeira plana con un mango— e consistía en zarrar o suco ca terra que quedaba polas veiras de forma que tapara o cuito y a semente. O peor eran as cabeceiras. Había que ser ben curioso pra facelas, darlles bon xeito, e rematar como é debido. Trollábase tamén co gadaño e costaba bon caro ás veces: se a terra taba mollada, porque pesaba muito, e tamén porque había que subila das canles pró suco pra que fora abondo pra tapalo, y ademais ún tiña qu'andar de lado pra que



Arado d'orelleiras, de pao, da Casa do Torneiro

lle coupesen as zocas nas canles e nun desbaratar os sucos. Cántas veces había xente que trollaba de noite, coa luz da lúa de xaneiro, xeado hasta os ollos, e máis teso ca un garabullo.

Despóis o trigo nacía e nun daba máis traballo hasta a sega, a nun ser que tivera muita herba nas canles, porque entón había que limpalas, segándooas con un focín pequeno. Esta herba aproveitábase e dábaselle ás vacas.

Pois así nacía, verde, espléndido, qu'as leiras, coa brisa e algo d'imaxinación, parecían talmente as olas do mar. O trigo iba medrando, botaba a espiga, granaba qu'era unha delicia, y aló por xunio empezaba a marelear. Con sorte de que nun o tirara un vendaval ou unha barruzada, medraba dreito e maduraba mui ben.

Así logo chegaba a sega

O tempo da sega era de temer. Traballábase de sol a sol e cando apretaba muito íbase comer e dormir algo a sesta, entre as moscas medio tourondas y os tabaos que chegaban das cortes do ganado.

Segábase o trigo co focín, que tiña que tar ben afilado e qu'había que picar todos os días. Así que, o primeiro que facían os homes pola mañá era sentarse nun tallo ou no tarreo, coa incre entre as pernas y o martelo na mao dreita. Poñían o fio do focín encima da cabeza da ingre e dábanlle co martelo de maneira qu'afinase o corte. Despóis repasábase con unha pedra d'afilar e xa taba.

O trigo íbase segando e deixábase atravesado encima das canles ben curioso, pra qu'os que tiñan qu'atalo o tuveran de xeito. Normalmente ataban os homes. Collían un brazado de trigo e atábano con un

puñado do mesmo trigo, algo retorcido pra que sirvira de corda. A primeira medida d'estes atos, os *mollos*, era poñelos xuntos d'oito en oito, co pé pra baixo y as espigas pra riba, formando os *medeiros*. Isto axudaba a qu'o trigo curase.

Poucos días despóis había que poñelo nunhos medeiros máis grandes, os *medeiros de pé*, e se cadra ba inda se volvía amontoar nas *carrelas*, qu'eran unhos montóis máis grandes que collían o trigo de varios medeiros. Así s'iba recollendo, xuntando cada vez máis os mollos, e cada vez máis cerca unhos d'outros pra que fose menos traballoso cargarlos no carro prá meda da aira. A *aira* era o sitio, case sempre ben cerca da casa, dunde se medaba. As *medas* nun eran nin máis nin menos qu'unhos conos grandes con un pao largo polo medio, orredor do que s'iban poñendo os mollos, co pé pra fora y a espiga pra dentro, ben apretados, defendidos de maneira que, se chovía, nun se mollasen. As medas acababan en pico y era de ver qu'había algunhas tan dreitas e tan ben feitas que parecían peras grandes caídas d'unha pereira xigante.

Nun quedaba máis que mallar

As mallas eran traballos comunales dunde s'axudaban unhos veciños ós outros. Xuntábanse unha vez na aira d'un y outra na d'outro. Así, correndo pola aldea, dende un cabo ó outro do lugar, acabábase o traballo do trigo, qu'era o máis pesado.

Eu nun m'acordo de mallar a mao. Eso nun o vivín. Sólo m'acordo das mallas a máquina. Levábanse á aira, tirados polas vacas ou polos bois, o motor, a máquina e a limpadora. O motor, movido por gasoil, levaba unha polea que chegaba hasta a

Andando pola BOVIA



↓ Rafael Cascudo Noceda

Esta vez vamos achegarnos hasta un recanto especialmente guapo das terras d'Entrambasauguas. Nél vamos poder contemplar un espacio natural que xunta el monte milenario cos regueiros limpos y puros y unde poden vivir as encantadas, os colobróis que las velan, el busgoso que defende os árboles, os trasnos que quedan nas casas dos poblos abandonaos, el sumicio qu'esconde ferramentas y tarecos, as lavandeiras, os papóis, as bruxas y hasta a Santa Compañía... Todo esto atopáremoslo mui cerca, escondido al nordeste d'ún dos conceyos dos Ozcos, pero mui ben podería atoparse en cualquiera dos outros conceyos ermaos. Tamos falando das terras de Vilanova, y máis en concreto, da Serra da Bovia.

A salida fémola dende El Campo da Bovia, achegaos al pico unde se xuntan os conceyos da Veiga, Castropol y Vilanova. Empezamos a andar mirando pral Filso ou Pico da Bovia, cos sous 1.201 metros d'altura destacando nel medio d'un paraxe sin árboles y con monte baxo. Hacia el N. hai búas vistas del mar y da rasa costeira y, pol S., lombas, outeiros y montañas. As máis achegadas asomeñan islas nun mar calmo d'algodón que fai el cerzo qu'enche os fondos. El sol da mañá bota as súas rayolas por derriba d'aquel mar afondao nos vales y axuda a construír un paisaxe ben guapo que vai deixar cua boca aberta y sorpresos del todo a os que consigan velo.


Botamos a andar con esa visión delante de nosoutros seguindo a pista que dende El Campo da Bovia vai hacia San Cristobo, pero ensiguida la deixamos pra meternos por un carreiro medio tapao entre monte baxo: gancelas, toxos, herba y uces altas que nos tapan por completo y cuase nun deixan ver a os que van andando delante. Este carreiro baxa mirando pral S. fendo lamar de revoltas pola ladeira dereta del valín qu'amaña El Rego da Bovia, mentramentres qu'el mar de cerzo se vai desfendo tanto por mor da puxanza del sol como pola pérdida d'altura. Pola esquerda, y afuracando el vale, baxa el regueiro que vén da Bovia, debaxo mesmo del Filso, y que col tempo foi tayando nel tarrén úa gorxa estreta y espectacular. Na ladeira del outra

Por camias y carreiros

veira vemos os restos de pedra das casas y cuadras del Busquete.


Anque el andar ás veces faise incómodo por culpa das uces, ensiguída asomamos derriba del lugar da Bovia, al qu'entramos por un caleyón estreto con úa parede de pedra pechándolo pola esquerda. Úa fileira de carbayos y mañuzos de mofo danye un colorido especial a esta entrada. Tamos nun poble abandonao como tantos lugares d'esta comarca ancestral dos Ozcos. Pertenece á parroquia de San Cristobo y ta a 799 metros d'altitú y a 10 km da capital del conceyo. As casas son de pedra cuas cubertas de louxa, y esa mezcra fai qu'os grises reinen nel lugar: os grises azulaos escuros dos louxaos y os grises pardos das pedras das súas paredes. Todo este color contrasta col monte que las arrodiá y que ta formao principalmente por carbayos albares y castañeiros. Entrar nun sito abandonao é como retroceder nel tempo máis de cen anos y, se visitamos algúa das súas vivendas solitarias, darémonos conta ensiguída. Este lugar pobláronlo us anos comunas d'alemanes que lo estropiaron abondo nel que ten que ver col valor etnográfico.

Deixamos A Bovia y seguimos andando pola ladeira costeda. El noso camín adéntrase pol medio d'un monte impresionante. É úa fraga onde predominan os castañeiros y os carbayos, entremezraos con lamar d'acebros, bidureiras, toxos, uces y folgueiras. El tarrén del camín ta brando y esponxoso, chen d'arizos y foyas cayidas de pouco —porque tamos nel outono— y qu'amañan úa alfombra qu'estala al pisala. Delante noso, nel alto d'un outeiro, asoma El



RAFAEL CASCIJO

El Rego da Bovia antias de xuntarse col Rego del Calvario



Picón, un caseirío aislao y solitario formao por úa casa, úa cuadra y un pozo. Por alrededor, praos costedos separaos por paredes de pedra pintadas de mofo y hedras. Dende este lugar da parroquia de San Cristobo poderá contemplarse un treito del vale que fai El Rego da Bovia y el sou monte chen d'encantos y de maxa.

Deixamos El Picón y volvemos meternos pol medio del monte, agora ocupao con exemplares grandísimos de carbayo albar, y a cada pouco vemos regueiríos que cruzan el noso camín saltando bulicegos na súa baxada hacia El Rego da Bovia. Por entre os árboles, y sobre todo na veira del camín, mantos d'arandeiros que cubren el tarrén dándoye ese tono verde escuro y relumante. Al altura del Busquete deixamos el camín que vai subindo suavemente hacia San Cristobo y baxamos monte a través buscando as auguas cristalinas y nada contaminadas del río. Hai que baxar aspacio porque debaxo de cada peteiro de mofo pode haber un furaco traicioneiro, pero a baxada merece muito a pena porque vamos poder ver algo precioso de verdá: el rego baxa espléndido trazando revoltas que buscan el tarrén máis brando, salta, empuja, métese por entre os penedóis de granito y en cada centímetro construye daqué diferente, pero igual de guapo. Seimeiras, espumas, augua clara y olor a humedanza. Lo malo —se é que podemos dicir



San Cristobó

eso— é que temos qu'avanzar seguindo o curso do río e nun hai ningún camiño ou carreiro feito, polo qu'el andar faise custoso e difícil por causa dos esbarroís al pisar os penedos mozaos ou chíos de verdín. Menos mal que vai ser pouco treito e ensiguída chegamos a onde se xunta El Rego da Bovia col Rego del Calvario que baxa da Vaga. Nese punto vamos atopar úa ponte que ye serve de paso al camiño que vén del Busquete e sube lougo hacia San Cristobó. Pañamos ese camiño que vai pol medio del monte e nos leva pouco a pouco á cabeza d'úa das parroquias con menos población dos Ozcos: San Cristobó.

San Cristobó é un lugar con muito encanto, ún dos máis guapos del conceyo tanto polas construcións como pol entorno natural onde ta. Caleyóis veyos col piso característico, casas e paredes de pedra suspendidas nel tempo, horros guapísimos. Tamos na ladeira E. del cordal de Murias, nun chao que cai derriba mesmo del barranco que fai El Río da Bovia, a 725 metros d'altitú e a 6 km da capital del conceyo. El ilesia, igual qu'as casas de San Cristobó, adáptase al tarrén e, polo tanto, á súa característica principal: el desnivel. Feita de pedra pizarrosa, por fora ten un cabildrín e úa espadana con arco de medio punto prá campá. E por detrás ta el cementerio, onde siguen vindo enterrarse os antigos vecíos perdidos por Xixón, Avilés ou pol mundo adelante. Nas casas solitarias, però non esquecidas inda, é posible ver as lareiras nel medio da cocía coas gamayeiros colgando del techo, por onde se descolgan

con muita facilidade os trasnos pra roubar el pan de meiz ou as rapelas.

San Cristobó é famoso pola calidá del mel que producen as súas colmías que, por certo, son búas de ver tanto nel lugar como na contornada, igual qu'os cortíos, asentaos nas medias ladeiras, achegaos a os regueiros e coa súa característica feitura de muralla circular ou ovalada pra defender os trobos, postos éstos de xeito escalonao, dos ataques dos animais.

Despós da visita deixamos San Cristobó pañando por un camiño que sale hacia el S. dende a praza central del poble. É un camiño bon d'andar e por entre bidureiras, carbayos e castañeiros iremos núa subidía buscando outro punto del noso recorrido. Outra vez monte, outra vez regueiríos que saltan el camiño e buscan el vale, outra vez cortíos e paredes de pedra que separan el monte del camiño. Por un momento andamos pol extremo de riba del monte, que levamos pola nosa esquerda cubrindo a ladeira que baxa hacia el fondal. Pola dereta, un tomo de terra e monte sepáranos de praos costados. Tamos achegándonos ás cortías da Sela de Murias. Neste lugar hai un aira pisada de louxón que seguro que yes valía tanto pra mayar como pra fer a festa. Agora sírvenos de punto de descanso e de talaya pra contemplar a guapura del monte de Murias e del monte da Bovia, que se fain ún solo condo se xuntan nel fondal. A Sela ta nel extremo d'un monte, derriba mesmo d'úa garganta impresionante. Ta a 900 metros d'altura e aquí temos vexetación mesta e colorido

COUSAS DEL DEMO

↓ Alberto Álvarez Peña

Condo nos cuntan cousas del “demo” temos que precatarnos de que detrás d’ese nome, ou del de “diabro”, poden esconderse mitos y divinidades precristianas ben veyas. Este proceso de daryes nomes da tradición cristiana a realidades muito máis antigas non solo pasóu en Asturias senón que se deu en toda Europa.

D'

este xeito, *silvanos, dusios, trolls* y demáis divinidades dos montes quedaron tresformaos en manifestacións del diabro¹.

Cúntase en San Tiso d’Abres qu’el demo roubara un neno d’úa casa y nun lo volvía. El pai fora ver al demo y fixéraye úa aposta: a ver quén llevaba el animal máis

raro pra qu’el outro lo acertara. El demo llevóu un llión y pol camín iba dicindo «Quieto, lión, quieto». El pai del rapacín, que taba escondido velando, soubo d’ese xeito el nome del animal y acertóu el adivianza. Però taba todo esmolido porque nun sabía qué bicho llevar él, asina que ye pidíu conseyo á muyer. Condo chegóu el hora de verse col demo, presentóuye a súa muyer encoira y de gatas, cua cabeza baxada y espelurciada pola cara. El demo nun foi quen a saber qué era aquilo. Dixo él: «Pelos por diante, pelos por atrás, pelos no cu e collóis no pescozo... ¡Mal rayo me parta se o bicho conozo!». Asina que tuvo que volveres el neno (cuntao por María Bouza, 71 anos, nacida en Lourido, San Tiso, 26-2-2001).

Nas Mestas (Cuaña) supoñían qu’el qu’engañara asina al demo fora Pedro de Malas Artes, que presentóu úa muyer encoira, de gatas y con úa choca amarrada á cintura. Anque neste caso apostábase pola posesión d’úa terra, tamén el demo dicía: «Animal que ten dous cules y el remoyo del rovés... nun sei qué animal es» (cuntao por Alejandro Anes Suárez, 71 anos, As Mestas, Cuaña, 2-8-1999).

En Murzóu (Cangas del Narcea) recoyémós el mesmo caso y el diabro acaba dicindo: «Animalito con dos culos, los coyones del revés, nun te se dicir lo que es» (cuntao por Alfredo Rodríguez Suárez, 73 anos, Murzóu, Vil.latexil, 12-10-1998). En muitos contos tradicionales a muyer amóstrase encoira ou enséñaye a crica y el diabro fuxe espantao.

Hai outro conto unde un home axustara col diabro semar un monte. Al chegar el día de fer el reparto da coyeta, el home díxoye al diabro: «Mira, del metá pra riba pra min y del metá pra baxo pra ti». Pero como semara trigo, el paisano taba falando da pranta, asina que se quedóu col grao y el diabro, engañaio, cua paya. Al outro ano semaron patacas y al hora das partixas dixo el home: «Como el ano pasao saliche perxudicao, este ano fémolo al rovés: del metá pra baxo pra min y del metá pra riba pra ti». Però el diabro precatóuse de que d’ese xeito quedaba cuas rameiras namáis, asina que ye propuxo repartir as patacas a uñadas: el que máis patacas tayase, pra él. El home tía as uñas recortadas y el diabro tíalas como garcias. El peisano cuntóuye el que pasaba á muyer, que nos contos tradicionales sempre é máis llista qu’el mesmo demontre. Condo se presentóu el diabro na casa recibíulo ella esparrada delante del llume y asoprándolo con úa canaveira. El diabro quedóuye mirando debaxo das sayas y preguntóuye qué era aquilo que tía entre as pernas. Dixo ella: «Esto féxomo meu home d’úa uñada». El demo marchóu convencido de que se el home fixera aquella “tayada” col uña, qué nun feiría cuas patacas (cuntao

por Pepe García Menéndez, 67 anos, Courias, Cangas, 27-8-1998).

Núa versión recoyida en Fulgueiras dos Coutos (Ibias)², el demo cambiábase pol trasno. Ponse a axudar a un home cúa condición de que ye lleve el alma pral inferno. Outra vez é a muyer a que salva al home presentándose encoira delante del trasno y posta de gatas. Diz el trasno: «Pelos no cu, collóis no pescozo, este bicho non ol conozo». A muyer daye entoncias un pelo al trasno y pídeye que lo poña teso como úa aguya. El trasno llevaba xa quince días estirando nel pelo y cada vez poñíase máis enrizaio, hasta que ye preguntou á muyer: «¿Quedan muitos como este, señora?». A muyer erguéu a saya y díxoye: «Todos estos». El trasno marchóu solo pral inferno, desesperao.

A muyer sempre parez nestos contos asturianos como enemiga del demo, féndoye fuxir. Pra dalgús estudiosos del tema esto vén ser úa reminiscencia d'un veyo matriarcao ou *ginekocracia* propia dos países d'influencia céltica³. Igual pasa en dalgús contos bretóis.

A crica pode considerarse como *apotropaica*, quere decir, que torna el mal y as enfermidades⁴, y a súa figura ta nel conocido amuleto d'acebache que chaman *cigua*, *puñés* ou *puñeirín*, y que representa úa mao col dido gordo asomando por entre el índiz y el corazón. Sicasí, este xesto quixo cristianizarse dicindo qu'era el xeito de fer a cruz.

Por exemplo, un conto francés del s. XVII acaba col demo espantao delante da muyer que ye fai el señal da cruz cos didos⁵, pero en realidá taba fendo-ye a cigua.

Úa hestoria aparecida atopámola nas Islas Británicas, en Northamptonshire⁶, unde el diablo cambiábase por un *boggie* ou *boggart*, un xenio peludo del monte. El boggie preitía con un home por un prao y el peisano propónye llabrallo y ir a medias. El primeiro ano sémanlo de trigo y el home daye a escoyer a parte de riba ou a de baxo: como escoye a de baxo, el boggie queda cúa paya. Al outro ano seman nabos y el boggie escoye a parte de riba y queda cuas foyas. Enfadao col home, deciden fer úa proba segando con úa fouz. Però el home fai trampa y encárgayel al ferreiro del llugar que ye faga varios centos de varías de ferro pra chantar na parte del prao que ten que segar el boggie. A fouz del boggie rebozóu y

nun corta nin a manteiga. Como perde, el home quédase col prao.

NOTAS:

¹C. Lecoteux (1999), *Demonios y genios comarcales en la Edad Media*, Jacobo Oloñeta ed., Barcelona.

²F. López Valledor (1999), *Literatura de tradición oral nos Coutos (Ibias)*, Xeira, A Caridá.

³A. Lamézec (1993), *Le Diable en Bretagne*, Morlaix, Skol Vreizh.

⁴J. M. Gómez Tabanera (1994), *Azabache, "piedra de virtud" astur en el Camino de Santiago*, Madrid.

⁵A. Lamézec, *op. cit.*

⁶K. Briggs (1992), *Diccionario de las Hadas*, Jacobo Oloñeta ed., Barcelona.






EL EURO

↓ Begoña Pérez Seoane

un feito: col ano 2002 desapareceu a peseta y impúxose el euro. A estas alturas del conto, da peseta nun quedan senón restos, úa ou dúas monedas de venticinco esqueicidas, col sou furaquín, nel caxón pequeno da cocía. Tan amolados que tábamos col cambio..., lo raro que se nos iba fer, y agora xa ta totalmente asumido. ¿Cónto é? Seis euros trenta. Tome. Gracias.

Al principio todos íbamos col "euro-conversor" ás costas: 11 euros son 1.830 pesetas, 20 euros son 3.328... ¡Qué maravilla! Condo sacabas a carteira y vías aquelas monedas brillantes, aqueles billetes... ¡hasta prestaba pagar! Pero eso era antes, aló pol mes de febreiro. Hoi xa naide mira con admiración esas mesmas monedas. Hoi el utilísimo aparato pasou á historia. Tanta conversión y tanta lería, total ¿pra qué? Pra nada. Os precios tán pol célo y nun van baxar por muito que ye díamos al aparatín. Xa ta asimilado: col ano 2002 desapareceu a peseta y os precios subirán tanto qu'un café xa nunca volverá costar cen pesetas ou, lo qu'é lo mesmo: sesenta céntimos.

¡Cómo cambian os tempos! Xa nada é como antes..., pensas. Però, desgraciadamente, a certeza d'ese pensamento sólo che dura un par de días, el tempo que tardas en dar col caradura de turno, el parásito estándar qu'esiste en toda reunión. Ese que nunca ten cambio, aquel que salú sin carteira, aquel outro que ta sempre núa crisis muito máis aguda qu'a túa. Mañá pago eu. Y tu a pagar. ¿Déixasme cinco euros? Deixaréi. ¡Déboche un café! Tranquila, ho, hoi por ti y mañá ¿por min?

É un feito: col ano 2002 desapareceu a peseta, impúxose el euro, subiron os precios y el caradura-parásito agudizou aínda máis el sou inxenio. 

Y nun deixarte nas súas maos...



↓ M^a José Fraga

... al menos, que fose eu quen te matase.

Xuntos fomos medrando y aprendéndonos. Descubrímos os sois, os olores, os rincóis. Tías máis vida qu'eu, pro pode decirse que maduramos a un tempo, y eu fun ganándoye el terrén nel que pisaba a túa mocedad que me deixou galdido.

Nel tou peleyo sempre atopéi aveiro, pollos toux ryos aprendin a mirar máis lonxe. Xuntos vivimos os veráos aqueles, axeitao, tan curtos despós das xeladas del inverno. Os deos trembamos nas noites de neidés, como as foyas anexasas da figueira.

Recorrinte toda, dilaxéite tuntas veces d'arriba a embaxo condo, enfadao col mundo, nun quería salir de ti... Y nun m'importaron os cuidaos que necesitabas, ganácheme col tou llinguaxe sin palabras que naide máis ouguía.

Despós tuven qu'irme. Nun sabía que, tan lonxe como fose, iba seguir sintíndote alentar. Chamábasme, chamábasme nas horas pouco certas da tardía, asomada al pueblo dende a galería y os balcós.

Agora, llargadas xa as nosas anaxtras de riños que gruman, queren fomos achacos enciros d'un tempo sólo noso; quérenme iradar, pro nun tou conforme: naide como eu pra'mo del tou ser. Porque ellos, os que chegaron de fora, nin saben ller en ti nin coñecen a túa hestoria.

Pro xa ta, ténolo acordao: al menos, que seña eu el que te mate pra nun deixarte nas ayias maos dos enemigos.

Vai abrazando el fongo, pouco a pouco, el cuarto unde nacín, el llargor del pasillo. Galopando escaleiras, volvéndoye á terra os castañeiros llabraos en serras y gaitopas, os colehoís de lla, os recordes todos, as palabras cuas que vou pintando a nosa última imaxe, daguerritipo cardaxo de cinza impreso na pedra y el peleyo, retrato d'un home cúa súa casa.

PARADOXAS



↓ Ágata García Castro

Supoño que condo embarcache nel muelle de Vigo naquel *big mac* xigante nun reparache na contradicción del nome da compañía qu'iba levarte máis pr'aló del mar. Avezao á dieta lacto-vexetariana máis por imperativo que por prescripción facultativa ou conviccióis personales d'esas qu'agora tán tanto de moda, pouco debéu dicirche entoncias aquel letreirín na porta da oficina que dispensaba, previo pago de 13,70 pesetas, papeños con letras coloradas qu'eran el boleto d'embarque al paraíso.

Neso reparé eu, muitos anos despóis condo, violando as normas impostas pol silencio, abrín axeito a caixa de dulce ferruxenta de penas na que durmía a túa historia. Puido máis a curiosidá qu'el medo a ser descuberta husmiando nel fondo prohibido da mesía que fora de meu bolo, tou ermao.

Sopréi na tapa sin reparar nas mozas que la adornaban envoltas en membrillos marelos, abrínla aspacio y el aire enchéuse d'ese cheirido picón que solta el tempo. Al erguerse el polvo envolto nos puvixos que soltara el bicho al trabar na madeira da mesía, soltéi un estornudo delator.

—¡Sale da corrente!

El berro de mía madre dende a cocía fíxome recordar axina el meu papel de prófuga naquela historia. Taba descubriendo por min mesma lo qu'os anos foran deixando esquecido nel fondo d'aquel caxón.

Aquela caxía tia nas tripas úa ayalga antiga. A fruxe de meu padre nel marelo del retrato, un reló de bolso (el máis guapo qu'eu vin nunca) feito en prata parao nas tres y media de quén sabe cóntos anos atrás, úa cartilla militar, dalgúa carta preñada de faltas d'ortografía, ilusióis y señardades, úa tarxeta d'emigrante agrantada y el billete *personal e intrasferible* que faía tanto ano ch'abriras as portas da Arxentina. Un pedacín de papel dobrao en cuatro nel que, en letras coloradas, se podía ler ben claro el nome da compañía navieira: *C^a Hamburguesa Sudamericana*.

Hamburguesa Sudamericana... Un filón pra cualquier aprendiz d'escritora que se precie. A pita dos ovos d'ouro, a cova máxica qu'esconde mil riquezas, el buxe nel que torniar a miyor das hestorias: a túa.

Fóraste pr'América al rematar el brao del 29, embarcao na primeira paradoxa da túa vida. Cualquera sabe qu'as hamburguesas nun beilan ben al son del bandonión. Tamén é verdá que pra muitos —pra cada vez máis— América fala inglés, come hamburguesas y bebe Coca Cola. Pra min, forxada en familia d'abrazos de despídida, d'adioses, de nougos na garganta, cartas que s'ansían, sobres col borde de colores, maletas baleiras, retratos qu'atravesaron un océano y enterros pol alma de corpos que nunca taban presentes... América tará sempre pral sur del ecuador. Aló, unde os ríos parecen mares, os invernos son nel brao y el leite é dulce. América será sempre un Potosí de sentimentos, caxas d'*alfajores* Habana que volven irse chías d'azafran, y esa mezcla de fala y tango veyo.

Condo m'asoméi someira pola borda da túa historia tías os oyoos varaos nas ondas que deixaba el vapor que se despídía de Vigo, el vento sopraba forte na proa da túa vida y aferrao al timón da túa existencia enfilabas rumbo a ese futuro que dicen nun existe pro que tu vías ameicer al outro lao del Atlántico. Esmorecía a figueira da túa infancia y prantabas nel aire palmeiras de mil colores. Castañoliaba el corazón de mozo novo y, sin sabelo, a os noguelos arrastrabas a cadía que t'ataría por sempre á terra que deixabas.

Pinta que che foron ben as cousas por América. Ben é verdá qu'a vida fexo algo de trampa y colóute dúas ou tres pasuadas máis pr'alante na línea de salida. Fúchete como el resto pra darye as costas á fame, pra ganar os cuartos cos qu'aquí se soñaba. Viaxache en terceira como todos, pro hasta escoyiche con xeito a fecha da partida, nunca che gustara el inverno y embarcarte nel mes de setembre era úa bua manera d'evitalo.

Nel porto de Buenos Aires esperábate el abrazo del tío que marchara anos atrás, que cumprira os

trece nel barco, que chegara descalzo y cuase espi-do col medo nel corpo y as lágrimas nel alma. Fíxerase a si mesmo dende a fame, medrara cua triste compañía da soledá, tratáranlo *sudaca de merda* como hai quen pensa que se debe tratar al emigrao, al probe... Conto con final feliz —porque dos que se foron (dos que chegan) a algún tía que ferye xusticia a vida—: veinte anos despós d'amarguras y miserias era el amo d'un emporio comercial, reparti- tía mercancía por todo el país y trabayaban pra él docías d'empreaos, convertírase nun *Americano*, un ganador.

Axina se víu que valías pral negocio, movíaste con axilidá tras del mostrador, metíasyes a os clien- tes a mercancía polos oyo, educao, chocante, bon mozo... al pouco tempo eras viaxante. Penhuajó, Olavarría, Junín, Necochea, Bariloche, Avellaneda, Mar del Plata, Tandil, Ayacucho... nomes qu'aquí eran todos el mesmo: América.

Anque todo parecía ir muito ben había algo en ti que nun acababa de componse, as cousas iban como tu soñarás, pro nun eras feliz. Aquel cielo nun era el tou, aquel mar nun era el tou y nunca, nunca tiraba del nordés.

Cumpriche os veintiún y dende España chamá- ronte a filas.

—Vaite, ha ferche ben. Cumpres por si algún día ques volverte, tas alí úa temporada y condo quiras aquí has ter sempre a porta aberta.

Nun fexo falta qu'el Tío cho dixese dúas veces. Pañache os cuartos qu'aforraras y volvíchete.

Traxe novo, zapatos limpios, reló de prata, male- ta cháa, cuartos nel bolso y galanos pra todos. Tras da xanta empezastes a caja de dulce que trouxeras, tamén era bon el queixo y el viño que bebérades. Lo miyor os oyo azules del afiayao que te miraba como a un héroe.

—Condo eu morra ha ser pra ti...

Tic tac tic tac tic tac... Al neno gustábaye escuitar a musiquía del reló. Era lo primeiro que quería fer condo vías de permiso y sempre t'acompañaba pol camín abaxo condo volvías irte pral Milán. Antías de darche el chucho y el sorriso que tu tanto querías pechaba os oyo, afilaba el ouguido y cua oreya ben pegadía al cristal que protexía as aguyas tic tac tic tac tic tac... despidíavos.

—Nun lo quero, nun suena... morréu.

Meu bolo miróu el reló de prata parao nas tres y media pasadas. El pequeno dos sous fiyos corría depresa tras dos outros rapacíos.

—¡Apure, pá, que vou pra os guyarapos!

Xa yo advertira condo ye dixera que tía que dar- ye algo importante.

A falta d'un corpo qu'enterrar guardóu aspacio el reló, a tarxeta d'emigrante, el tou retrato, as cartas que mandarás de tan lonxe, el billete col que te foras, a cartilla militar... guardóu veinticinco anos de vida segaos pola máis cruel paradoxa da tía existen- cia, a guerra. A guerra civil.

Aquela tarde de febreiro de 1937 bulito escondéu el tou recordo nel corazón da súa mesía. Meu padre

Billete de Emigrante, personal e intransferible

C. Hamburguesa Sudamericana

Billete N.º 0542 *
CAP POLOZO

BILLETE DE PASAJE DE EMIGRANTE en el vapor para embarcar el día de 23 SEPT. 1929 de 192 en el puerto de VIGO para el de BUENOS AIRES con transbordo en el puerto de (1) al vapor (1) y con escala en LISBOA, RIO SANTO, y Montevideo

Nombre del pasajero: José García
Sexo (2) ... Edad 18 años
Cartera de identidad: Serie ... Número ... 1212

Importe neto del pasaje .. (En letra) (En cifras) 500.00
Importe de los impuestos (3) { Españoles 19.00
Extranjeros

Modo de pago ... efectivo
Clase de pasaje (4) ... 2
Número de las literas ...
(5) Autoriza el embarque D. ... que vive en calle ... plaza de ... núm. ... como (6) ...

EQUIPAJES. Bulios ... Kilos ...

Expedido el día de 21 SEP 1929 de 192 (Solo en la Casa consiguista)

(1) Este es válido solo se usará cuando haya transbordo.
(2) Si es varón se pondrá M., y si es hembra F.
(3) El importe de los impuestos que deben abonarse se hará constar en el dorso de este billete por medio de un cajetín que se entregará en aquel.
(4) Se hará constar si es de tercera ordinaria, o en otro caso el capitane o departamento que habrá de ocupar.
(5) Para el caso previsto en el artículo 3.º de la Ley.
(6) Consigüese tales como padre, madre, tutor o guardador.

tardóu en entender qu'a vida del reló iba xoncida á tía pola cadía de prata qu'asomaba nel bolso dos calzóis d'aquel cadabre tirao á altura del número 6 da calle Fruela.

Dicen dos epitetos qu'acompañan al nome pro nun ye aportan nada, pregúntome como debo chamaryes a esos adxetivos que van detrás d'un nome al qu'irremediabilmente contradicen... Nin as hamburguesas han ser nunca sudamericanas, nin as guerras han ser nunca civiles.

El único picadiyo de carne qu'hai en Sudamérica é a mezcra de xentes que la habitan, as familias que chegaron á terra prometida en busca d'un futuro menos esmorecido qu'el qu'aquí yes nacía. En conto ás guerras, lo único que tein de civiles son os corpos dos mortos qu'asoman nas cunetas; civiles son tamén os rapacíos que nun entenden nada, a fame, el medo... Y os protagonistas d'esta paradoxa, emigración y guerra, hestoria que como tantas se repite, úa y outra vez repítese porque...

*Nada es lo mismo, nada permanece.
Menos la Historia y la morcilla de mi tierra: se hacen las dos con sangre, se repiten.*¹



¹Ángel González, *Glosas a Heráclito*.

Llibros



EL MEU PRIMEIRO VOCABULARIO NA FALA

- *Ilustracións: Enrique Carballeira Melendi. Escoyeta del vocabulario: Xosé Miguel Suárez Fernández.*
- *Colección Os Llibros d'Entrambasauguas nº 6, Academia de la Lingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2003.*
- *36 páxinas.*

Xa se botaba en falta un trabayo d'estas características y, respondendo a esta demanda, a Secretaría Llingüística del Navia-Eo puxo a andar el proyecto a empezos d'ano. El resultao é este llibro en formato grande, tapa dura y a todo color con un labor bárbaro del ilustrador Enrique Carballeira Melendi.

El meu primeiro vocabulario na fala é un repertorio del léxico máis achegao a os rapacios ordenao en unidades temáticas: el corpo, a familia, a escola, el porto, a praya, el caseirío, os animales, os árboles y as prantas, os tresportes, a tenda, os xogos y os xuguetes, a mitoloxía, etc. Derriba das ilustracións van poñéndose os nomes das cousas de xeito qu'a identificación ta búa de fer pra os nenos sin falta de máis explicacións escritas.

Como se cunta na introducción, por razóns evidentes nun se puído dar acoyida ás variantes dialectales das palabras nin a os muitos sinónimos, cuestións cuas que se terán qu'encarar outro tipo de dicionarios. Por agora, este vocabulario ilustra de máis de 500 palabras pode valer de primeiro achegamento a úa parte tan fundamental nel aprendizaxe del gallego-asturiano como é el léxico. É úa búa ferramenta prá escola —unde nenos y nenas han a poder conocer máis

palabras y contrastallas cuas qu'ellos dicen na casa— y tamén un regalo ben guapo.

Máis Llibros

Acaban de publicarse os relatos ganadores del I Premio Antonio Raymundo Ibáñez, *Marqués de Sargadelos* nun llibro con ese mesmo título. Nel recóyense os premios na categoría d'adultos y na escolar, escritos indistintamente en castellano ou en gallego-asturiano. Destacamos os escritos na nosa fala na categoría d'adultos: el relato ganador, "O Arcón", d'Aurora García Rivas y dúas "Cartas a Farruco" de José Luis Díaz Álvarez. Entre os trabayos escolares hai abondos na fala, sobre todo recoyendo tradicións y refráis. En resume, úa mostra de que se poden fer cousas condo hai gana de trabayar y iniciativa. A nosa felicitación al asociación santallesa d'Amigos d'Antonio Raymundo Ibáñez "Marqués de Sargadelos".

Traduccións

Tamos ben contentos de poder dar a noticia da publicación pola Academia de la Lingua Asturiana del libro de Rafael Cascudo Noceda, *Xunta de Mitos*. Fai el nº 55 da colección "Escolín", destinada a os máis pequenos. A nova que queremos destacar é que se trata d'úa traducción al asturiano d'este llibro escrito orixinalmente en gallego-asturiano y publicado por Xeira nel ano 2000. É a primeira traducción d'un obra na nosa fala a outra lingua y queremos felicitar por eso al autor tapiego. A edición reproduc tamén as ilustracións orixinales d'Alberto Álvarez Peña.

Dentro da difusión d'este llibro del escritor tapiego hai que nombrar tamén el adaptación que José Manuel Martínez Castro fexo de *Xunta de mitos* pral grupo de teatro aficionao "Pinceladas". Esta agrupación puxo el obra en Uviéu y L'Entregu dentro das Xornadas de Teatro feitas con motivo del Ano europeo das personas con discapacidad.

Premio Xeira

Xa quedóu aberto el prazo pra participar nel *XIII Premio Xeira de narracións curtias*. Einda hai hasta el 15 de setembre de 2003 pra presentar os relatos. Hai que mandallos por cua-

druplicao nun sobre sin remite a XEIRA, apartao nº 5, 33750-A Caridá (El Franco). Dentro del sobre ten qu'ir outro zarrao cuas señas del autor ou autora dentro. Hai que recordar qu'el premio á miyor narración é de 500 euros.

El demáis, el pasao xoves 24 d'abril celebróuse nel Instituto "Galileo Galilei" de Navia a entrega del *XII Premio Xeira de narracións curtias*. A ganadora d'esta edición foi Alba González Fernández, de Valdepareas (El Franco), úa moza nova, antiga alumna del instituto, que se suma á cada vez máis llarga llista d'escriitores na nosa fala.



Na entrega del premio colaboróu el alumnao del intituto. Púxeronye música al acto tocando dalgúas pezas recoyidas por dalgús gaiteiros da zona, y ademáis el alumnao de gallego-asturiano —recordamos qu'este é el primeiro ano que se pode cursar esa asignatura nel centro— preparóu un recital de poesía na nosa fala. Abraham, Pedro, Adán, Adrián, Yolanda y Mateo puxéronyes voz a poemas de Xosé Miguel Suárez, Jovita López, Fredo de Carbexa, María Xosé Fraga, Alejandro Antuñez y Alfredo Álvarez "Ponticella".

Cursos de Formación

Dentro dos XXI Cursos de Brao del Academia de la Lingua Asturiana, que se fain na Escola de Santantolín (Ibias) del 4 al 15 d'agosto, vólvese incluir este ano outro curso de gallego-asturiano pra profesores de primaria y secundaria. Vai ser a primeira das tres fases das que consta el Programa de Capacitación en gallego-asturiano qu'a Viceconsejería d'Educación del Principao d'Asturias encomendóu al Academia de la Lingua Asturiana.

El curso forma parte del Programa Rexonal de Formación y faise en colaboración col Centro de Pro-

fesores y Recursos del Suroccidente (Cangas del Narcea). El plan d'estudios, de 60 horas, amañano estas asignaturas: "Sistema llingüístico del gallego-asturiano", "Literatura tradicional y actual", "Aspectos sociolingüísticos d'apricación na zona", "Diseño y elaboración d'unidades didácticas", "Práctica de llingua oral" y "Práctica de llingua escrita". Os profesores que van impartir el curso son todos especialistas nesas materias y nacidos nel Navia-Eo.

Teatro Escolar

El xoves 10 d'abril de 2003 os alumnos de gallego-asturiano da sección d'Enseño Secundario da Escola de Bual representaron la obra de teatro *Quieto Parado*, del autor tapiego Manuel García-Galano, dentro del feixe d'actividades programadas nel centro con motivo das xornadas culturais.



Todos puxeron el sou granín d'arena, us actuando (Isabel, Daniel, Ismael, Cristina y Paula) y otros presentando, compuendo el escenario y axudando pra que todo salise ben (Borja, Martín, Raquel y Sergio). Hai que resaltar el interés y agayo que puxeron todos os actores na representación da peza, ensayándola en todos os pedacíos que tían llibres. ¡Ánimo! Y que nun sía el última.

Día das Letras Asturianas

Con motivo del Día das Letras Asturianas, el Academia de la Llingua editó tamén úa versión en gallego-asturiano del sou cartel conmemorativo que se distribuíu polos centros educativos da zona y polos Conceyos.

Tamén os nenos y nenas que van al asignatura de gallego-asturiano volveron festexar esta xornada nel



Navia-Eo. El acto central, organizao con muito agayo polas profesoras de gallego-asturiano, foi nel C.R.A de Castropol el día 8 de mayo. Dende Castropol mándannos esta crónica del que foi a xornada:

"Este ano tamos contentos porque unha vez máis participamos na festa dedicada as Letras asturianas na nosa fala: gallego-asturiano. Déunos muito gusto ver como el noso C.R.A foi capaz d'acoyer a todos os nenos que van ás clases de gallego-asturiano nos centros de Villayón, Navia y Tapia, y a nosotros, os alumnos y alumnas das escolas de Barres y Tol que somos os únicos del C.R.A. que temos a sorte de ter tamén estas clases.

El día empezóu ben, xa dende cedo, condo salíu el sol prometendo un bon día. Nas distintas escolas empezamos a chegar todos os nenos. Íbamos lixeiros d'equipaxe posto que nun tíamos que levar nin a comida pero si que levábamos un bon feixe d'ilusión.



Nun fomos os primeiros en chegar y condo nos baxamos del autocar xa se respiraba ambiente de festa nel Centro. Por certo, unhos dos máis madrugadores foron os representantes da Academia de la Llingua Asturiana: a Presidenta da Academia y el responsable da Secretaría Lingüística del Navia-Eo. Este é pra nosotros un gran momento porque

esta presencia fainos sentirnos, máis se cabe, parte d'Asturias sin perder as nosas particularidades como é precisamente esta lingua nosa.

Todo parecía tar disposto pra celebración: alumnos, maestros, algú alumnos dos Institutos y as súas maestras de gallego-asturiano, amáis de Directores tanto dos Centros de Primaria como dos de Secundaria unde actualmente se tán impartindo as clases y outros colaboradores cos qu'íbamos contar nel resto da xornada. Case nos esquecía que tamén nos acompañaban dous componentes da Banda de Gaitas Marino-Tapiega.

El acto empezóu cuas palabras del Director del noso Centro y a continuación foi a Presidenta da Academia a que dixo unhas palabras, tamén na fala, y amostróunos mui orguyosa *El meu primeiro vocabulario na fala*, especialmente elaborao pra os nenos máis pequenos da zona. Despóis fíxose a entrega de Premios del *II Concurso de contos na nosa fala* unde el noso compañeiro da escola de Tol, Adrián, levóu el premio na categoría de 2ª de Primaria. Por último, y xa para pechar, fixémosyes un pequeno obsequio a os nembros da Academia: unha pionza xigante como recordo del Día.



Desque acabóu el acto d'acoyida xa todos os nenos pasamos a fer os distintos talleres organizaos por niveles: maquillaxe, elaboración de xuguetes, velas, manualidades, pins y batidos, pionzas, música, barro... Ademáis cada grupo pasóu por unha sesión de xogos tradicionales y a demostración y xogo das dúas modalidades de bolos que se xogan por aquí: el pasabolo y el bolo rodao.

Hacia as dúas da tarde xantamos todos xuntos y antes d'irnos volvémos entrar al polideportivo pra ver actuar a un grupo de nenos da Escola de Tapia. El obra representada gustóu muito.

A lo largo da mañá tamén tuvo aberta unha exposición de xuguetes veyos na que colaboraron a Asociación de Padres, alumnos, maestros y vecíos da vila. Tamén fixémos un programín de radio unde entrevistamos a os invitaos y os propios premiaos del concurso leron os sous contos."

Quedáranos na carteira colaboracióis dos nenos y nenas de Tapia y dábanos rabia que quedaran sin salir. Completámolo con máis cousas que nos chegaron dende entoncias. Temos dúas colaboracióis sacadas del Concurso de Contos na nosa fala que, aunque nun foron premiadas, tán muito ben, y un par de poesías que nos mandaron dende el Instituto de Navia y que naceron alrededor del Día das Lletras Asturianas.



El marineiro cansao

Ese marineiro que ta ei, cola cara arrugada, xa retirao del mar, un pouco triste míralo y pensa.

Vente anos llevo nel mar,
vente anos fun trabayar,
vente anos fun disfrutar,
vente anos fun pescar.

Agora tou retirao,
y empezo a tar cansao,
pero todas las mañás contemplo
esa vida mía qu' é la mar.

Poema escrito por Andrés Negrón, alumno de 1º da ESO nel Instituto de Navia, que ganóu el concurso literario "Bibliogalilei" que cada ano celebra el centro coincidiendo cua Semana del Libro. El sou autor ganóu tamén un premio nel Concurso de contos na nosa fala convocao pola Secretaría Llingüística del Navia-Eo, del Academia de la Llingua Asturiana.



A Navia

Téñote al llao del meu poble veño verte todos os días y os fines de semana veño ver as mías tías.

Teis úa ría mui guapa,
as veces báñome nella,
aunque ta algo contaminada,
algo che merece a pena.

Teis muitas llibrerías,
teis muitas tendas,
peró lo que tamén teis,
son búas pasteiras.

A praya é abondo grande,
a poza ta al llao del monte,
os bares tán nel camín,
y el parque é mui pequenín.

Tu es úa gran villa,
Navia che puxeron de nome,
empezas núa búa curvía
y acabas núa gran ribeiría.

Poema escrito por Abramam Sierra, d'Ortigueira, alumno de 1ª da ESO nel Instituto de Navia, y lido pol autor nel acto celebrao en Uviéu con motivo da XXIV Semana das Lletras Asturianas.

A PRINCESA SIN PRÍNCIPE

Había úa vez úa princesa que nun tía príncipe azul. Úa vez un mago botóu un feitzo y pola noite a princesa convertíase en monstruo y pol día era princesa. El feitzo desfiase condo parecera el príncipe azul. Por fin un día con muito sol a princesa pasiaba mui triste pol monte y parecéu un caballeiro. Era un príncipe y namoráronse. El amor dos dous rompéu el feitzo. Casáronse y viviron mui felices.

Cristina, 6 anos, 1º Primaria, Escola de Tol.

El Trasno Traveso



Un día un trasno apareceu nun monte. A ese trasno gustábanye muito las castañas y condo el llabrador iba recoyer úas castañas pa los cochos, el trasno roubábaye todas las castañas. Condo el llabrador chegóu a súa casa, dixo: "¿Únde tán las castañas?". Mentras, el trasno fartábase a comer castañas. Condo acabóu foise pa súa casa. Un día el llabrador descubriu qu' alguén ye roubaba las súas castañas y puxo úa trampa. Condo coyéu las súas castañas, el trasno quedóu atrapao. El llabrador llevóulo pa casa y metéulo na despensa. El trasno tía muita fame. Entonces coyéu todo lo que puido y coméulo. El trasno salíu sin qu' el llabrador s'enterara y agora anda pol monte ben farto y matándose de risa.

Alberto Díaz González, 8 anos, 3º Primaria, Escola Pública "Ramón de Campoamor" (Navia).

Rimas del Outono

Os nenos y nenas de 1º A da escola de Tapia tuvemos aprendendo cousas sobre el outono. Lo que máis nos gustóu foron os frutos que se poden recoyer neste tempo y por eso decidimos fer úa rima piquinía pa cada ún:

- Esta é doña castaña
qu'espera a ver quén la paña.
David y Pelayo
- A doña avellana
chamámosye Ana.
Tania
- Aquí ta el señor Figo
mirando el sou embeligo.
Alejandro
- El pan de colobra
sabe ben de sobra.
Guillermo
- Este bon recimo
vale pa fer vino.
Jorge
- A reina del esfoyón
danos farina pa fer el rapón.
Luisa
- Cuas fabas femos
el caldo de rabas.
Lara
- Aquí ta doña noz
muito búa pá voz.
Cristina
- Doña beyota
cayéu d'un carbayo que tía úa cana rota.
Gabriel
- El calabazón
pesaba un montón.
Roberto
- Doña mazá nun sabe qué fer:
¿Terá que ser sidra ou será pastel?
Carmen



NÚA AXENCIA DE VIAXES

Nel terceiro ciclo da escola de Tapia tuvemos xugando a inventar diálogos sobre situacións da vida de cadaldía pra despós representalos. Este que ta aquí é quizáis el menos de cadaldía, pero ten a súa gracia y por eso lo mandamos.

Empreada: ¿Qué tal? ¿Podo axudarye en algo?
Cliente: Quería ir de viaxe a Marte.
E.: ¿Qué dice, que quer un viaxe el martes?
C.: Eso é imposible.
E.: Alégrome de qu'usté seña sensible.
C.: Entoncias quería ir a Inglaterra pá semana que vén.
E.: ¿Cómo qu'al centro da terra?
C.: Gustaríame salir el venres.
E.: Síntolo, pero nun hai serpientes.
C.: A lo miyor pasao mañá podo ir a Tenerife.
E.: Si, en Tapia hai un bar que se chama "Arrecife".
C.: Pero eu nun quero tomar nada.
E.: Aquí nun vendemos pomada.
C.: ¡Ai, muyer, teis úa empanada!
E.: Tampouco temos empanada. Al final, ¿a únde quer ir?
C.: De vacacións a Almería.
E.: ¿Que únde ta mía tía?
C.: Xa perdín abondo tempo, que me ta esperando a moza.
E.: ¿Únde dice que ta a carroza?

*Este diálogo de besugos ta feito por
Elena y Alejandro, de 6º B.*

De Tapia



↓ Manolita da Fonte

Este texto que publicamos agora lléralo a súa autora, Manuela Martínez Pérez, na emisora da radio municipal de Tapia nel brao de 1992 dentro del programa “Un feixe de cousas”. Manolita da Fonte, que faleceu en Tapia el 18 d’abril de 2001, recorda neste escrito xente, sitios y momentos de Tapia amostrando na súa fala el amor á vila que la vira nacer.

Eu nun sei, Tapia, qué teis”, díxolo aquel gran namorado de Tapia que foi Conrado Villar. Pero eu quero dicirvos que ten moitas cousas —y, miánicas, moi guapas— que condo vivimos aquí nun sabemos valorar porque tamos véndolas de sempre. Eu levo moitos anos fora d’este ventoleiro pueblín : anque nun deixara de vir todos os veraos, lo primeiro a ver aquelas queridas tías que tanto se sacrificaron por nosoutros (ta falando a autora d’ela y de sous ermaos Luis, Pepe y Teresita da Fonte), y tamén pra desintoxicar os pulmóis, enchéndolos d’aire puro, con olor a ouca y marfoyos.

Agora subo pol Colado, axeitín, porque nun me dá máis el folgo. ¡Paréceme tan guapo...! Y diredes vosoutros, ¿qué ten El Colado? Ten paz, olor a herba seca, aire que quixera poder levar embotellado, silencio que solo altera el grayido d’un corvo que pasa como dicíndome “aprovéchate, qu’esto é gloria”.

Tou nel Colado y quixera tar nel muelle, ou na Reburdia. Y... ¿qué me dices da praya? Á nosa praya quixeran parecerse algúas del sur, unde el mar ta sempre nel mesmo sito y como caldo, unde nun podes tumbarte nel arena, de gorda y moura que ta, unde nun hai olas que saltar que che machaquen a barriga.

Agora qu’os moitos anos que teño encima nun me deixan xugar al pin-pón, nun me canso de mirar alrededor, agradecendo a Dios tanto como nos regalóu, y pidirye que nos la deixen sempre así, rodiada de toxos y árboles.

Véinseme agora mesmo á memoria aqueles tempos en que Fernandín y Placeres, aqueles curiosos personaxes que moitos conocestes y que, sempre coyidíos da mao, baxaban á praya calzados, vestidos y con grandes sombreiros de paya; iban arrimándose á veira del augua y, si Placeres moyaba os pés, tirábaye da mao Fernandín pra moyarse él, y era entonces condo tiraba d’él Placeres. Neste tira tu agora y tiro eu despós pasaban el tempo, hasta que decidían subir pingando.


Y... ¿qué me dices da posta de sol en Tapia? ¿Nun vos parece que debíamos dicir: “Tapia, cónto bon y guapo teis”? Estas y moitas más cousas saben valorar os veraniantes qu’en verao vein y que cada ano serán más si nun los espantamos querendo ganar en dous meses pra vivir todo el resto del ano. ¿Sabedes por qué vein? Porque saben descubrir el embruxo dos nosos caleyoís, que na Talaya tein tan limpios aprovechando cualquier esquiniá pra que todo el ano florezan os xeranios.

Así que, xa sabedes: en Tapia é todo guapo. ¡Hasta el nordeste!



Nas páxinas d'esta sección levamos sacao á lluz ben escritores en gallego-asturiano esquecidos nas páxinas da prensa local ou, ás veces, en papeles que nunca chegaron á imprenta. Muitos son escritos de circunstancias que, anque teñan úa valía histórica ou documental evidente, cuase sempre tein pouco de literarios. Por eso presta volar de ralo en ralo en composicións tan guapías como esta que tremos agora, precisamente nesta fechas al redor de San Xuan.

Carlos Pérez Méndez




Carlos Pérez Méndez (ou Pérez-Casariago Méndez, recuperando el apellido familiar) nacera en Tapia, na Casa da Fábrica, en 1879, fiyo de Manuel Pérez, ún dos sobríos del Marqués de Casariago. Seguimos prá súa biografía os datos que nos brinda a monumental obra *Historia de Tapia a través de sus calles* (Ediciones Nobel, 2001), dirixida por Diego Fernández Méndez y Camilo López Pérez.

Estudiou na escola de San Martín y nel Instituto de Tapia —centro con úa importancia fundamental prá zona y del que xa se ten falao abondo en ENTRAMBASUGUAS— y pasou a trabayar nel negocio familiar das conservas. Foi sacretario del Círculo Católico d'Obreros, institución prá qu'escribiu úa obra de teatro en 1905, *Lucha en la conciencia o La inspiración de un ángel*. En 1906 emigróu prá Arxentina. Despóis da súa volta a Tapia, xa casao cua tamén tapioga Sofía Álvarez Campón, é condo máis se dedica á súa afición: a poesía. De todos os xeitos, tamén escribiu máis teatro, unde ye gustaba participar como actor. É el caso del obra *Los enemigos del alma*. Feixes de coplas pras comparsas tapiegas nel Antroiro foron d'él, anque tamén escribiu outras composicións máis serias como el himno que se cantou na inauguración da estatua que s'erguéu en Tapia en 1928 al Marqués de Casariago. Carlos Pérez Méndez faleceu en Tapia en mayo de 1940, a os 61 anos d'edá.

Sabíamos d'este autor qu'era poeta en castellano hasta qu'hai un par d'anos, gracias al llibro xa citao *Historia de Tapia a través de sus calles*, soupemos d'un poemín en gallego-asturiano que ye mandara a súa sogra nel día del santo. Eso llevounos al convencemento de que tía qu'haber máis cousas escritas por él na nosa fala y, efectivamente, despóis de pescudar un pouco, así era.

A súa fiya Oliva conservaba un manuscrito da composición "A noite tradicional", que deixa ben claro el bon xeito del poeta tapiego. Trátase d'úa copia qu'el autor fexo da carta que ye mandara dende a Arxentina á súa ermá Xuana Elena pra felicitar ye el santo. É polas mesmas fechas del outra composición que ye conocíamos en gallego-asturiano. Sorprende, primeiro, qu'el autor faga a dedicatoria na fala, cousa miga normal noutros escritores daquela, qu'usaban el castellano pra os títulos ou pras acotacións en prosa. Tamén chama el atención a calidá da composición, a pesar de tratarse d'úa carta informal, tanto dende el punto de vista llingüístico como dende el literario.

Trátase dos versos señardosos de daquéen espatriao da súa terra. A estrofa é úa sesta rima con dalgúas variantes formales propias del modernismo que chegaba d'América y que demostra el oficio del noso poeta. Ten a poesía un interés grande tamén por todos os datos etnográficos que nos dá sobre a noite de San Xuan. Dalgús como a fogueira, el vaso y el ovo, ou as albeiradas que fian os mozos, son máis conocidos, pero hai outros como el costume de poñer coronas ás mozas del que se sabía ben pouco en Tapia. Pero nun se trata "A noite tradicional" d'un repaso folclórico d'un tempo mítico y idealizao d'hai cen ou douscentos anos, senón qu'evoca cousas reales qu'el poeta viviu de rapaz y que podía tar vivindo —tía entoncias 27 anos— se tuvera nese momento en Tapia. Mais nun pode ser: ta «aquí medio morrendo, /n'esta tan triste y axitada vida, /por pasar tan bua noite devencedo».

Reproducimos al pé da lletra —como femos sempre nesta sección— el escrito de Carlos Pérez-Casariago, al tempo qu'aprovetamos pr'agradecerye todas as facilidades dadas á súa fiya Olivín. 

A NOITE TRADICIONAL

Especie de leyenda, que recorda as trastadas de San Xuan y que dedico como felicitación á mía hermá Xuana Elena

¡Uh...jurujú...! Berrando y mais berrando, rompendo c'os calcaños as culeiras, foya de pino y toxos arrastrando os rapacios esbouzan ás carreiras; y así xuntando van á leña prá fogueira de San Xuan.

—¡Oh *condanados*, como vos piyara!... —dízyes un veyo; y condo xa el sudor fay carreiríos n'a cotra d'a sua cara, solta os galochos pra correr miyor... Lougo ruxindo tan c'oa grasa n'a fogueira de San Xuan.

¡Ju...jurujú...! Berrando y escougando, brincando por encima da fogueira, algun chumba n'el medio y sal fumiando c'ua chía de charamuzas na *trasteira*. Aos *berros* que alí dan, alborotan á noite de San Xuan.

Mais vay chegando el hora de cenar y retíranse os pitos al poleiro; xa pra por a mañá pra se lavar el agua ta n'a tina ou n'el caldeiro, que chíos de flores tan á bendición espostos de San Xuan.

Preparado tá el hovo y xa ta el vaso, el que hencherán n'a fonte al dar as doce, votando á clara pra pedir de paso ua fragata ou... ¡un cocho que los focel! Y un conxuro dirán pra qu'el milago fágalo San Xuan.

Íspense as bruxas (que almas condenadas, saben que dando el vento, no'hay poliya...) y'úntanse con el pringue d'as *cachadas* y enhalan hasta el Campo de Seviya. Alí se xuntarán, á celebrar á noite de San Xuan.

A noite del misterio cual ningúa, como boca de lobo, sempre oscura, sin que as causas del tempo nin á *Lua* teñan fuerza á que sea d'outra *xeitura*. ¡Que e variable dirán; mais... ¡eche oscura que lo quer San Xuan!

Quen teña oyo de lince, pode ver as sombras que atravesan el camín, unhas que van correndo a mas correr; outras ¡axeito... axeito... muy quedín! ¡Con qué misterio van n'a noite silenciosa de San Xuan!

¡Psi, psi...! ás veces se oy así sonando; y el silbido de sombras silenciosas, contesta quedo; y vanse así xuntando, unhas y outras, ás señas misteriosas. ¿¡Qué e lo que tramarán n'a noite silenciosa de San Xuan!

Óise un run run confuso y tan axeito que non se sabe el que úrden ou barruntan, y tan n'un bule bule, en que d'afeito, páranse, corren, xébranse ou se axuntan. Algo maquinarán; mais ¿quen lo sabe...! ¡Sábelo San Xuan!

Van recorrendo calandín calando os carreiros, camiós y caleyoís; valados y paredes van saltando y rexistrando todos os rincóis. ¡Conqué secreto van n'a noite tan calada de San Xuan!

Todo reviran, todo desamañan, pos no'hay fuerza nin maña que non teñan y pr'á fogueira os trastos arrapañan, as sombras, duendes, trasnos... ¡ou quen señañ! ¿Qué e lo que non fairán, cuando esa noite ampáralos San Xuan!

Ás veces, el silencio é interrumpido, pois tanto queren fer, que se acarreiran; y San Xuan, que e la mar de divertido faiyes caer c'os trastos, y estrombeiran. E veyo; mais ¡truhan y divertido, no'hay como San Xuan!

Invisible dirige; y á destaxo al paso c'oa sua tropa, todo xiba; y lo qu'encontra co'a cabeza abaxo, enseguida lo pon... ¡patas pra riba! ¡Así á culpa ye dan y ye votan cén plagas á San Xuan!

Y esos trasnos, alí por unde rondán, rouban os carros, tumban as cancelas; y as portas emparedan, si no'esfondan, as portadas, as portas y as portelas. Os que guardando tan téin ua medrana... ¡pásmalos San Xuan!

Todo deixan pintado y embarrado; untan os picaportes; y estrombeiran despóis que tein el mal bèn amañado fuxindo todos lougo qu'especheiran... Y así ríndose van d'as gracias y ocurrencias de San Xuan.

Tamén yes póin coronas ás rapazas sin distinción de roxas nin morenas; ten razón *aquel* dicho por as trazas: ¡Xan xaraxan amigo che e d'as nenas! Pois ¿porqué cho dirán sinon porque ye gustan á San Xuan?

Y non todas che y'hengen ben os oyo; pois si son veyas, feas ou *tarameixas*, os ramos que yes pon, son de marfoyo *restas* de ayo, carozos ou areixas. ¿¡Y náuseas non che dán de qu'inda quira distinguir San Xuan?

Aunque sea cáncamo, eche chamusqueiro, y á sua noite dá á todas serenata; y non falta un tambor, nin un caldeiro, nin cobertoiras pr'amañar á *lata*; pois eche el sou afan, que non durman n'a noite de San Xuan.

Así tray á os rapaces albeirados: (non son duendes nin trasnos, non lo creas: son mozos que tras d'él atolondrados fain estropicio en vilas y en aldeas.) Todos al rabo van del invisible y pícaro San Xuan.

E muy agudo y e muy tolapeiro pois desque fay as festas ás *mozacas* vay con os mozos; mételos n'un éiro, y alí arrabuñan pra roubar patacas, as que enseguida van ás brasas d'a fogueira de San Xuan.

El trabayo deo fame, y sin coción empezan á berrar: —¡Eh que refrecen!; —y al sacalas que faltan xa un montón, fozan que fozan; pero non parecen. —¿Unde diablos tarán...! —¡Xa las papou el golitrón San Xuan!

Y así pasan a noite divertida mentras qu'eo tou aquí medio morrendo, n'esta tan triste y axitada vida, por pasar tan bua noite devencedo; y al fér lo qu'elos *fan* saludarte n'a noite de San Xuan.

Quixera darche ua buena serenata (xuntando del lugar todos os mozos) con tambor y acordeon; y tras d'a *lata*, *colgarche* unha corona de carozos. E todo el meo afan, felicitarte á estilo de San Xuan.


Mais xa non pode ser; por lo tanto, sin andar con ambaxes nin rodeos, que chén de dicha pases el tou santo, son todas as mías ánsias y deseos; os que se cumplirán, con tal que chegue con humor San Xuan.

El, te fairá feliz, pois eo yo pido como amigo que fun n'as suas bromadas: Xa verás que argayeyo y divertido á centos ha vir fendo as suas trasnadas, ¡d'esas que se fairán mentras que poda c'os calzóis San Xuan!

CARLOS PÉREZ Y MÉNDEZ

Hacienda de Santa Ana de Abajo

Junio 4 de 1907.



Ben sei que retratos como estos teín que toparse nos caxóis das casas del Franco, de Porcía ou de Campos. Eu sei d'úa casa de Salave unde hai un retrato coloriado, col barco cargando mineral colgado nel patín da escaleira.

Nun tempo debéu de falarse muito del *Valkenburg*, das primeiras minas de ferro de Porcía (Tapia) y del barco embarrancado nun ribeiro da costa da Penedrada, hasta qu'un día esbarrumbóu el cargadeiro que taba nel medio da praya de Porcía y xa se foron esqueicendo todos estos aconteceres y pouco ou nada s'escribíu d'ellos. É úa pena.


Na mina de Porcía sacaban un mineral de ferro que nun se podía fundir en España por falta de fornos al xeito y tía qu'ir fora. El *Valkenburg* era ún dos barcos que lo llevaba a Holanda.

A desgracia parece que se debéu a úa maniobra mal feita, pero tamén se dixo qu'houbera malicia pra cobrar el seguro. Vai tu a saber. El barco cargado de mineral chantado entre as pedras compróulo el *Difuntín*, un home que tía en Avilés úa funeraria —d'ei ye veu el nome—, qu'era gordísimo y gustábaye muito a ópera, como a os señores d'Uviéu. El máis del barco quedóu nel fondo: as máquinas, as caldeiras, y muito ferro, que col tempo fóronlo sacando y sirvíu pra fer garruchos, reyas de vasadorio y outras arabías da llabranza.

As caldeiras, muitos anos depós, sacóulas un chatarreiro de Xixón y llevóulas a Tapia, unde yes picaron el ferruxe, déronyes minio y lleváronlas outra vez.

Nel fondo del ribeiro al oeste de Porcía queda el espiazo del *Valkenburg* y na praya, cuas mareas baixas vivas, asoman os restos del cargadeiro das minas. Neso quedóu todo.

↓ Rafael López Cancio



Porcía
"El Valkenburg"



Secretaría Llingüística del Navia-Eo
INSTITUTU DE MACADU NIAVIA E O LINGÜASTURIANU



GOBIERNU DEL
PRINCIPÁU D'ASTURIAS